

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 618

IX lexislatura

17 de marzo de 2016

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais

— Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 48072)

[144436](#)

— Do G.P. Mixto (doc. núm. 48081)

[144441](#)

Resolución da Presidencia, do 16 de marzo de 2016, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais [09/PL-000036 (47240)]

[144426](#)

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

[144426](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

ADMISIÓN A TRÁMITE, ASIGNACIÓN A COMISIÓN E PUBLICACIÓN

- 48082 (09/POC-007186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 4 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das necesidades demandadas por determinados colexios

públicos coruñeses, así como a existencia dalgún tipo de acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Coruña para acometer determinadas obras e o seu orzamento [144443](#)

- 48077 (09/POC-007187)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Ron Fernández, José Javier e 5 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego relativas á tramitación de diferentes proxectos do centro de restauración San Martín S.L. e o estado de conservación que lle consta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como a publicidade da totalidade dos expedientes para a restauración de determinadas obras artísticas [144446](#)

- 48093 (09/POC-007188)

Grupo Parlamentario Mixto
Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia respecto das demandas do CEIP Luís Pimentel, de Lugo, a ampliación das súas instalacións e a resolución de problemas xurdidos debido á altura do muro [144449](#)

- 48125 (09/POC-007189)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre a situación do sector lácteo galego [144452](#)

- 48128 (09/POC-007190)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre a situación da demografía no medio rural [144455](#)

- 48131 (09/POC-007191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o investimento no Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Cotorredondo e as razóns do seu traslado [144458](#)

- 48148 (09/POC-007192)

Grupo Parlamentario Mixto
Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo
Sobre a instalación dunha planta satélite de almacenamento de regasificación de gas licuado no concello de Ortigueira [144462](#)

- 48167 (09/POC-007194)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre a empresa que imparte os cursos para obter o carné de manipulador de produtos fitosanitarios [144465](#)

- 48171 (09/POC-007195)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre as reducións de desafiuzamentos e execucións hipotecarias [144467](#)

- 48182 (09/POC-007196)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dos mecanismos de participación necesarios para a definición dun plan galego de dereitos humanos [144469](#)

- 48190 (09/POC-007197)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recousó, Juan Manuel e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a subrogación dos traballadores de mantemento do estaleiro de Navantia, na ría de Ferrol, así como a súa valoración respecto da adxudicación dese contrato a unha empresa foránea [144473](#)

- 48197 (09/POC-007198)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das posibilidades de produción de biogás e do seu impacto na economía de Galicia [144475](#)

- 48199 (09/POC-007199)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre o impacto das políticas de eficiencia enerxética desenvolvidas pola Xunta de Galicia coas administracións locais e o balance dos resultados obtidos polos concellos [144477](#)

- 48201 (09/POC-007200)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre o balance da Consellería de Economía, Emprego e Industria respecto das actuacións desenvolvidas para apoiar o sector da investigación, a innovación e a conexión do tecido empresarial coas universidades e cos centros de coñecemento galegos [144479](#)

- 48203 (09/POC-007201)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre a valoración da Consellería de Economía, Emprego e Industria respecto do impacto do programa *Galicia Emprende* na creación e consolidación de proxectos xeradores de emprego [144481](#)

- 48205 (09/POC-007202)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre o balance da Consellería de Economía, Emprego e Industria respecto das estratexias de impulso dos sectores industriais, así como os resultados obtidos por estes para a mellora da produción industrial galega [144483](#)

- 48207 (09/POC-007203)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos resultados obtidos despois das distintas convocatorias do Proxecto *Jeremie* e das expectativas para o ano 2016 [144485](#)

- 48209 (09/POC-007204)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre o balance da Consellería de Economía, Emprego e Industria respecto do impacto na economía galega das medidas da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020 [144487](#)

- 48213 (09/POC-007205)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da convocatoria dunha oferta pública de emprego que cubra a totalidade das prazas vacantes desde o ano 2009 na sanidade pública, así como o acordo cos sindicatos dunha orde para vincular os contratos do Sergas á súa motivación [144489](#)

- 48216 (09/POC-007206)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia de estudos para prever e planificar unha oferta de prazas axeitada nos anos vindeiros nos distintos centros públicos de ensino, nomeadamente nas áreas de forte expansión urbanística, así como daqueles que recollan as insuficiencias, deterioración e necesidades das súas estruturas, e os plans ao respecto [144492](#)

- 48221 (09/POC-007207)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre o mantemento pola Xunta de Galicia dalgunha reunión cos concellos para garantir a paralización do derrubamento de calquera vivenda susceptible de legalización coa aprobación do planeamento urbanístico, a valoración da posibilidade de presentar un proxecto de lei de modificación da Lei 2/2016, do solo de Galicia, co fin de solucionar a situación das persoas propietarias afectadas, e a actuación que está a levar a cabo a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ao respecto [144494](#)

- 48228 (09/POC-007208)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas para resolver os problemas existentes entre a Consellaría e varias comunidades de montes veciñais en man común dos Ancares, así como a xestión que está a levar a cabo, nomeadamente na realización de infraestruturas e na conservación do patrimonio arqueolóxico [144497](#)

- 48230 (09/POC-007209)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non informar no Portal da transparencia en relación coa publicidade ou non das contratacións polo procedemento negociado, as previsións ao respecto e os datos referidos ás contratacións negociadas no ano 2014 sen publicidade [144500](#)

- 48233 (09/POC-007210)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis

Sobre a actuación prevista polo Goberno galego para evitar o posible impacto dos requisitos establecidos por Portos de Galicia para a solicitude de uso dos espazos portuarios para a realización de actividades diferentes ás propias do porto [144502](#)

- 48235 (09/POC-007211)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as principais novidades que introduce o Decreto que regula a previsión de reinvestimento de parte dos ingresos das comunidades de montes no propio monte, establecida na Lei de montes de Galicia, os datos referidos ao seu contido e a valoración do Goberno galego respecto desa norma e da súa incidencia en materia de protección e mellora do monte [144504](#)

- 48246 (09/POC-007212)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre os plans ou medidas do Goberno galego para controlar e eliminar as taxas e sobreprezos de produtos comerciais en función do xénero das persoas ás que van dirixidos, a incidencia en Galicia da denominada 'taxa rosa' e as súas repercusións nas consumidoras galegas [144506](#)

- 48254 (09/POC-007213)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central do uso correcto da toponimia oficial de Galicia na expedición de documentos oficiais, nomeadamente nos documentos nacionais de identidade [144508](#)

- 48288 (09/POC-007214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 4 máis

Sobre a situación en que se atopa o acordo adoptado polo Concello de Monforte de Lemos en outubro de 2002 relativo a darlle o nome do oftalmólogo galego D. Julián García Sánchez ao hospital comarcal da cidade, así como a denominación oficial dese centro na actualidade [144510](#)

- 48290 (09/POC-007215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Blanco, Emilio e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación que está a atravesar a Fundación Camilo José Cela e as actuacións previstas para restablecer e manter o seu normal funcionamento [144512](#)

- 48295 (09/POC-007216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios e 5 máis

Sobre a situación en que se atopa o abastecemento de auga potable do barrio das Hermidas, no concello do Bolo, a información da Xunta de Galicia respecto do estado de salubridade das augas nel, así como as actuacións, investigacións ou requirimentos levados a cabo para solucionar o problema [144514](#)

- 48301 (09/POC-007217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se considera indefinidos descontinuos aos traballadores do Servizo

de Prevención de Incendios Forestais que, con anterioridade ao ano 2012, viñan reforzando o persoal fixo durante os meses de verán e a política de contratación de persoal prevista pola Xunta de Galicia para reducir a temporalidade [144516](#)

- 48306 (09/POC-007219)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis

Sobre a situación actual do Instituto Galego de Promoción Económica, os criterios seguidos para o outorgamento dos créditos e avais e a estratexia perseguida polo Goberno galego ao respecto [144518](#)

- 48307 (09/POC-007220)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da subcontratación pola Fundación Fesán da empresa Gesán, semellante a ela en obxectivos e funcións e coa que comparte directivos [144520](#)

- 48309 (09/POC-007221)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do requisamento pola Policía Xudicial do contrato asinado polo Concello da Coruña no ano 2012 cunha empresa para a prestación servizos bibliotecarios a toda a rede de bibliotecas da cidade por un prazo de catro anos [144523](#)

- 48314 (09/POC-007222)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre a opinión e as actuacións previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para resolver os problemas existentes para a escolarización do alumnado da Escola Infantil Raiola, que debe incorporarse ao ensino obrigatorio no curso 2016-2017, así como nos seguintes cursos, no CEIP Lamas de Abade de Santiago de Compostela [144525](#)

- 48323 (09/POC-007225)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das deficiencias existentes nas instalacións do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Coirón-Dena, na provincia de Pontevedra, a consecuencia da non-execución de obras de reparación desde o ano 2008, a actuación levada a cabo e as previsións da Consellería de Cultura, Educación

e Ordenación Universitaria en relación coas reclamacións da ANPA
Sementeira ao respecto [144530](#)

- 48063 (09/POC-007185)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co programa da TVG titulado *Expedición Galicia* e o asesoramento recibido para a súa realización, así como o ofrecemento doutro tipo de contidos medioambientais como labor pedagóxico para a cidadanía

[144533](#)

- 48302 (09/POC-007218)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recousó, Juan Manuel

Sobre os criterios informativos seguidos pola CRTVG en relación coa Casa real

[144535](#)

- 48317 (09/POC-007223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre o tratamento informativo que lles está a dar a RTVG ás sesións plenarias do Parlamento de Galicia

[144537](#)

- 48319 (09/POC-007224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre os datos referidos aos programas contratados a produtoras externas e emitidos pola TVG desde xaneiro de 2013 ata xaneiro de 2016, así como a posibilidade da súa realización polos medios propios da canle pública

[144539](#)

- 48325 (09/POC-007226)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a opinión da Dirección da CRTVG en relación co respecto nos informativos da TVG do pluralismo político e da representatividade das organizacións políticas con implantación no ámbito territorial de actuación

[144541](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de marzo de 2016, polo que se admite a trámite o escrito do G.P. do Bloque Nacionalista Galego no que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e na Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres (docs. núms. 48143 e 48144)

[144435](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais

A Mesa da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do día 15 de marzo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación de emendas á totalidade

- 47240 (09/PL-000036)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais

BOPG nº 602, do 17.02.2016

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade de devolución (un total de dúas)

— Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 48072)

— Do G.P. Mixto (doc. núm. 48081)

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia, do 16 de marzo de 2016, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais [09/PL-000036 (47240)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 48451, o escrito do G.P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei pola que se

modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais [09/PL-000036 (47240)].

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo —o día 19 de marzo de 2016—, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 24 de novembro de 2012, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 16, do 14 de decembro de 2012), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 48451, presentado polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

2º. Ampliar, por terceira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais [09/PL-000036 (47240)], ata o día 22 de marzo de 2016, ás 14.00 horas.

3º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do día 15 de marzo de 2016, aprobou, pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes, a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia (09/PPLC-000014, doc. núm. 37372).

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a publi-

cación do texto aprobado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2016
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

Exposición de motivos

A AP-9 é unha autoestrada de titularidade estatal que abrangue unha parte moi importante do territorio galego; é unha vía vertebral que conecta toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Porén, a AP-9 continúa a depender do Goberno central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

Coa finalidade de superar esta situación e de xestionar desde Galicia unha das autoestradas máis importantes desde o punto de vista social e económico, cómpre actuar para acadar a titularidade e transferencia de competencias sobre o réxime xurídico desta autoestrada, así como o traspaso efectivo das funcións e servizos sobre a dita infraestrutura. Así, o Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 as materias que son competencia exclusiva do Goberno galego e fixa no punto 8 a competencia sobre «Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables». Por outra banda, a Constitución, no artigo 148.1.5ª, fixa a posibilidade de traspaso en materia de estradas no «percorrido comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable». Finalmente, o artigo 150.2 da CE habilita o Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que, pola súa propia natureza, sexan susceptibles de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27.32, relativo ás competencias exclusivas, establece que pode

ampliarse o abano competencial a través da transferencia por lei orgánica do Estado.

A proposición de lei orgánica consta de dous artigos, catro disposicións adicionais e unha disposición derradeira.

No artigo primeiro establécese a transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia e detállanse as funcións e servizos que pasan a ser de titularidade autonómica.

No artigo segundo fíxanse as condicións do traspaso de servizos, que deben contar cos medios materiais e orzamentarios necesarios, instrumentándose mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Nas disposicións adicionais primeira e segunda fíxase un prazo de seis meses para a negociación do traspaso efectivo da AP-9 e a conseguinte baixa desta infraestrutura como integrante da rede do Estado.

Na disposición adicional terceira determínase que, no caso de rescate da concesión para o ámbito público, as obrigas económicas e financeiras serán por conta da Administración xeral do Estado.

Finalmente, na disposición adicional cuarta aclárase que este traspaso non modifica as funcións e servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Artigo 1. Transferencia da AP-9

1. Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade, as competencias sobre o réxime xurídico da concesión, así como as funcións e servizos ata agora exercidos pola Administración xeral do Estado en relación coa AP-9, Autoestrada do Atlántico.

2. En virtude do disposto na presente lei orgánica, unha vez realizado o traspaso de servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galicia terá encomendadas as seguintes funcións:

a) A autorización da posta en servizo de novos tramos, adaptacións ou reformas dos existentes, así como de enlaces e vías auxiliares da autoestrada.

b) A supervisión e inspección do correcto funcionamento da autoestrada, consonte a normativa xeral de estradas e os pregos que rexen a concesión.

c) A potestade sancionadora respecto de incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.

d) As modificacións que afecten o réxime económico-financieiro da concesión, en particular no que atinxe ao establecemento, actualización e supresión de tarifas e peaxes, así como a aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios por instancia da concesionaria co fin de incentivar o seu uso como a aprobación normativa dos obrigatorios por instancia do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.

e) A redacción e aprobación de convenios, ou de adendas aos actuais, para recoller novas condicións relativas ao réxime da concesión, así como ampliacións ou reducións da actual.

3. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a Administración xeral do Estado conservará ao seu cargo, respecto da sociedade concesionaria da Autoestrada AP-9, as obrigas con repercusións económicas e financeiras derivadas da aplicación da concesión en vigor que fosen motivadas por modificacións adoptadas no período en que tivo a competencia.

Artigo 2. *Traspaso de servizos*

O exercicio da competencia transferida debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galicia no momento en que teña efectividade a transferencia dos medios materiais e orzamentarios necesarios, instrumentándose mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Disposición adicional primeira

O traspaso efectivo regulado no artigo 2 deberá concretarse no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei orgánica.

Disposición adicional segunda

Unha vez efectuado o traspaso efectivo, o Goberno do Estado, mediante real decreto, procederá á exclusión e a dar de baixa a Autoestrada AP-9 da rede de estradas do Estado.

Disposición adicional terceira

A Administración xeral do Estado asumirá as obrigas económicas e financeiras no caso de que, no exercicio das competencias delegadas nesta lei orgánica, a Comunidade Autónoma acorde o rescate da concesión da autoestrada AP-9 para a súa reversión ao ámbito público.

Disposición adicional cuarta

O traspaso a que se refire esta lei orgánica non supón modificación ningunha do exercicio das funcións e servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Disposición derradeira única

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Proposición de ley, para presentar ante el Congreso de los Diputados, orgánica de transferencia de la titularidad y competencias de la AP-9 a la Comunidad Autónoma de Galicia

Exposición de motivos

La AP-9 es una autopista de titularidad estatal que abarca una parte muy importante del territorio gallego; es una vía vertebral que conecta toda la franja atlántica y cuatro de las siete ciudades gallegas. Sin embargo, la AP-9 continúa dependiendo del Gobierno central, que mantiene unos peajes desorbitados que limitan el acceso a esta vía a las personas con menos recursos y lastran el desarrollo de sectores económicos gallegos.

Con la finalidad de superar esta situación y de gestionar desde Galicia una de las autopistas más importantes desde

el punto de vista social y económico, es necesario actuar para conseguir la titularidad y la transferencia de competencias sobre el régimen jurídico de esta autopista, así como el traspaso efectivo de las funciones y servicios sobre dicha infraestructura. Así, el Estatuto de autonomía de Galicia establece en su artículo 27 las materias que son competencia exclusiva del Gobierno gallego y fija en el apartado 8 la competencia sobre «Vías férreas y carreteras no incorporadas a la red del Estado, con itinerarios que se desarrollen íntegramente en el territorio de la Comunidad Autónoma, y, en los mismos términos, el transporte efectuado por estos medios o por medio de cables». Por otra parte, la Constitución, en el artículo 148.1.5ª, fija la posibilidad de traspaso en materia de carreteras en el «recorrido comprendido íntegramente en el territorio de la Comunidad Autónoma, y, en los mismos términos, el transporte efectuado por estos medios o por cable». Finalmente, el artículo 150.2 de la CE habilita al Estado para transferir o delegar a las comunidades autónomas, mediante ley orgánica, facultades correspondientes a materias de titularidad estatal que, por su propia naturaleza, sean susceptibles de transferencia o delegación. El propio Estatuto de autonomía de Galicia, en el artículo 27.32, relativo a las competencias exclusivas, establece que puede ampliarse el abanico competencial a través de la transferencia por ley orgánica del Estado.

La proposición de ley orgánica consta de dos artículos, cuatro disposiciones adicionales y una disposición final.

En el artículo primero se establece la transferencia de la AP-9 a la Comunidad Autónoma de Galicia y se detallan las funciones y servicios que pasan a ser de titularidad autonómica.

En el artículo segundo se fijan las condiciones del traspaso de servicios, que deben contar con los medios materiales y presupuestarios necesarios, instrumentándose mediante acuerdo de la Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia y el correspondiente real decreto de traspaso de servicios.

En las disposiciones adicionales primera y segunda se fija un plazo de seis meses para la negociación del traspaso efectivo de la AP-9 y la consiguiente baja de esta infraestructura como integrante de la red del Estado.

En la disposición adicional tercera se determina que, en el caso de rescate de la concesión para el ámbito público, las obligaciones económicas y financieras serán por cuenta de la Administración general del Estado.

Finalmente, en la disposición adicional cuarta, se aclara que este traspaso no modifica las funciones y servicios reservados al Estado en lo relativo al control de las fronteras.

Artículo 1. *Transferencia de la AP-9*

1. Se transfieren a la Comunidad Autónoma de Galicia la titularidad, las competencias sobre el régimen jurídico de la concesión, así como las funciones y servicios hasta ahora ejercidos por la Administración general del Estado en relación con la AP-9, Autopista del Atlántico.

2. En virtud de lo dispuesto en la presente ley orgánica, una vez realizado el traspaso de servicios correspondientes, la Comunidad Autónoma de Galicia tendrá encomendadas las siguientes funciones:

a) La autorización de la puesta en servicio de nuevos tramos, adaptaciones o reformas de los existentes, así como de enlaces y vías auxiliares de la autopista.

b) La supervisión e inspección del correcto funcionamiento de la autopista, conforme la normativa general de carreteras y los pliegos que rigen la concesión.

c) La potestad sancionadora con respecto a incumplimientos de la concesionaria en la explotación de la autopista.

d) Las modificaciones que afecten al régimen económico-financiero de la concesión, en particular en lo relativo al establecimiento, actualización y supresión de tarifas y peajes, así como la aplicación de programas de descuento, tanto la autorización de aquellos que sean voluntarios a instancia de la concesionaria con el fin de incentivar su uso como la aprobación normativa de los obligatorios a instancia del órgano competente en materia de carreteras de la Comunidad Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos o humanitarios.

e) La redacción y aprobación de convenios, o de adendas a los actuales, para recoger nuevas condiciones relativas al

régimen de la concesión, así como ampliaciones o reducciones de la actual.

3. Sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado anterior, la Administración general del Estado conservará a su cargo, con respecto a la sociedad concesionaria de la Autopista AP-9, las obligaciones con repercusiones económicas y financieras derivadas de la aplicación de la concesión en vigor que hayan sido motivadas por modificaciones adoptadas en el período en que ostentó la competencia.

Artículo 2. *Traspaso de servicios*

El ejercicio de la competencia transferida debe ser asumido por la Comunidad Autónoma de Galicia en el momento en que tenga efectividad la transferencia de los medios materiales y presupuestarios necesarios, instrumentándose mediante acuerdo de la Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia y el correspondiente real decreto de traspaso de servicios.

Disposición adicional primera

El traspaso efectivo regulado en el artículo 2 deberá concretarse en el plazo máximo de seis meses desde la entrada en vigor de la presente ley orgánica.

Disposición adicional segunda

Una vez efectuado el traspaso efectivo, el Gobierno del Estado, mediante real decreto, procederá a la exclusión y a dar de baja la Autopista AP-9 de la red de carreteras del Estado.

Disposición adicional tercera

La Administración general del Estado asumirá las obligaciones económicas y financieras en caso de que, en el ejercicio de las competencias delegadas en la presente ley orgánica, la Comunidad Autónoma acuerde el rescate de la concesión de la autopista AP-9 para su reversión al ámbito público.

Disposición adicional cuarta

El traspaso a que se refiere esta ley orgánica no supone ninguna modificación del ejercicio de las funciones y servicios reservados al Estado en lo relativo al control de las fronteras.

Disposición final única

Esta ley orgánica entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.4. Procedimientos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de marzo de 2016, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 48082 (09/POC-007186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 4 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das necesidades demandadas por determinados colexios públicos coruñeses, así como a existencia dalgún tipo de acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Coruña para acometer determinadas obras e o seu orzamento Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48077 (09/POC-007187)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier e 5 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego relativas á tramitación de diferentes proxectos do centro de restauración San Martín S.L. e o estado de conservación que lle consta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como a publicidade da totalidade dos expedientes para a restauración de determinadas obras artísticas Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48093 (09/POC-007188)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia respecto das demandas do CEIP Luís Pimentel, de Lugo, a

ampliación das súas instalacións e a resolución de problemas xurdidos debido á altura do muro
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48125 (09/POC-007189)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre a situación do sector lácteo galego
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 48128 (09/POC-007190)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre a situación da demografía no medio rural
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 48131 (09/POC-007191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o investimento no Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Cotorredondo e as razóns do seu traslado
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48148 (09/POC-007192)

Grupo Parlamentario Mixto
Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo
Sobre a instalación dunha planta satélite de almacenamento de regasificación de gas licuado no concello de Ortigueira
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48167 (09/POC-007194)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre a empresa que imparte os cursos para obter o carné de manipulador de produtos fitosanitarios
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 48171 (09/POC-007195)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre as reducións de desafluzamentos e execucións hipotecarias
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48182 (09/POC-007196)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Ron Fernández, José Javier e 5 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dos mecanismos de participación necesarios para a definición dun plan galego de dereitos humanos
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48190 (09/POC-007197)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a subrogación dos traballadores de mantemento do estaleiro de Navantia, na ría de Ferrol, así como a súa valoración respecto da adxudicación dese contrato a unha empresa foránea
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48197 (09/POC-007198)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto das posibilidades de produción de biogás e do seu impacto na economía de Galicia
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48199 (09/POC-007199)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis
Sobre o impacto das políticas de eficiencia enerxética desenvolvidas pola Xunta de Galicia coas administracións locais e o balance dos resultados obtidos polos concellos
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48201 (09/POC-007200)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis
Sobre o balance da Consellería de Economía, Emprego e Industria respecto das actuacións desenvolvidas para apoiar o sector da investigación, a innovación e a conexión do tecido empresarial coas universidades e cos centros de coñecemento galegos
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48203 (09/POC-007201)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre a valoración da Consellería de Economía, Emprego e Industria respecto do impacto do programa *Galicia Emprende* na creación e consolidación de proxectos xera- dores de emprego

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48205 (09/POC-007202)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre o balance da Consellería de Economía, Emprego e Industria respecto das estratexias de impulso dos sectores industriais, así como os resultados obtidos por estes para a mellora da produción industrial galega

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48207 (09/POC-007203)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto dos resulta- dos obtidos despois das distintas convocatorias do Proxecto *Jeremie* e das expectativas para o ano 2016

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48209 (09/POC-007204)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre o balance da Consellería de Economía, Emprego e Industria respecto do impacto na economía galega das medidas da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48213 (09/POC-007205)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da convo- catoria dunha oferta pública de emprego que cubra a totali- dade das prazas vacantes desde o ano 2009 na sanidade pública, así como o acordo cos sindicatos dunha orde para vincular os contratos do Sergas á súa motivación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48216 (09/POC-007206)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia de estudos para prever e planificar unha oferta de prazas axeitada nos anos vindeiros nos distintos centros públicos de ensino, nomeadamente nas áreas de forte expansión urbanística, así como daqueles que recollan as insuficiencias, deterioración e necesidades das súas estruturas, e os plans ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48221 (09/POC-007207)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre o mantemento pola Xunta de Galicia dalgunha reunión cos concellos para garantir a paralización do derrubamento de calquera vivenda susceptible de legalización coa aprobación do planeamento urbanístico, a valoración da posibilidade de presentar un proxecto de lei de modificación da Lei 2/2016, do solo de Galicia, co fin de solucionar a situación das persoas propietarias afectadas, e a actuación que está a levar a cabo a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ao respecto

- 48228 (09/POC-007208)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas para resolver os problemas exis- tentes entre a Consellaría e varias comunidades de montes veciñais en man común dos Ancares, así como a xestión que está a levar a cabo, nomeadamente na realización de infraes- tructuras e na conservación do patrimonio arqueolóxico

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 48230 (09/POC-007209)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non informar no Portal da transparencia en relación coa publicidade ou non das contratacións polo procedemento negociado, as previ- sións ao respecto e os datos referidos ás contratacións nego- ciadas no ano 2014 sen publicidade

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48233 (09/POC-007210)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis

Sobre a actuación prevista polo Goberno galego para evitar o posible impacto dos requisitos establecidos por Portos de Galicia para a solicitude de uso dos espazos portuarios para a realización de actividades diferentes ás propias do porto
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 48235 (09/POC-007211)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as principais novidades que introduce o Decreto que regula a previsión de reinvestimento de parte dos ingresos das comunidades de montes no propio monte, establecida na Lei de montes de Galicia, os datos referidos ao seu contido e a valoración do Goberno galego respecto desa norma e da súa incidencia en materia de protección e mellora do monte
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 48246 (09/POC-007212)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre os plans ou medidas do Goberno galego para controlar e eliminar as taxas e sobrepresos de produtos comerciais en función do xénero das persoas ás que van dirixidos, a incidencia en Galicia da denominada 'taxa rosa' e as súas repercusións nas consumidoras galegas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48254 (09/POC-007213)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central do uso correcto da toponimia oficial de Galicia na expedición de documentos oficiais, nomeadamente nos documentos nacionais de identidade

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48288 (09/POC-007214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 4 máis

Sobre a situación en que se atopa o acordo adoptado polo Concello de Monforte de Lemos en outubro de 2002 relativo a darlle o nome do oftalmólogo galego D. Julián García Sánchez ao hospital comarcal desa cidade, así como a denominación oficial dese centro na actualidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 48290 (09/POC-007215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Blanco, Emilio e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación que está a atravesar a Fundación Camilo José Cela e as actuacións previstas para restablecer e manter o seu normal funcionamento

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48295 (09/POC-007216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios e 5 máis

Sobre a situación en que se atopa o abastecemento de auga potable do barrio das Hermidas, no concello do Bolo, a información da Xunta de Galicia respecto do estado de salubridade das augas nel, así como as actuacións, investigacións ou requirimentos levados a cabo para solucionar o problema

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 48301 (09/POC-007217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se considera indefinidos descontinuos aos traballadores do Servizo de Prevención de Incendios Forestais que, con anterioridade ao ano 2012, viñan reforzando o persoal fixo durante os meses de verán e a política de contratación de persoal prevista pola Xunta de Galicia para reducir a temporalidade

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48306 (09/POC-007219)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis

Sobre a situación actual do Instituto Galego de Promoción Económica, os criterios seguidos para o outorgamento dos créditos e avais e a estratexia perseguida polo Goberno galego ao respecto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 48307 (09/POC-007220)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da subcontratación pola Fundación Fesán da empresa Gesán, semellante a ela en obxectivos e funcións e coa que comparte directivos Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48309 (09/POC-007221)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do requisamento pola Policía Xudicial do contrato asinado polo Concello da Coruña no ano 2012 cunha empresa para a prestación servizos bibliotecarios a toda a rede de bibliotecas da cidade por un prazo de catro anos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 48314 (09/POC-007222)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre a opinión e as actuacións previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para resolver os problemas existentes para a escolarización do alumnado da Escola Infantil Raiola, que debe incorporarse ao ensino obrigatorio no curso 2016-2017, así como nos seguintes cursos, no CEIP Lamas de Abade de Santiago de Compostela Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48323 (09/POC-007225)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das deficiencias existentes nas instalacións do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Coirón-Dena, na provincia de Pontevedra, a consecuencia da non- execución de obras de reparación desde o ano 2008, a actuación levada a cabo e as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas reclamacións da ANPA *Sementeira* ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 48063 (09/POC-007185)

Grupo Parlamentario Mixto
Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co programa da TVG titulado *Expedición Galicia* e o asesoramento recibido para a súa realización, así como o ofrecemento doutro tipo de contidos medioambientais como labor pedagóxico para a cidadanía

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 48302 (09/POC-007218)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recousó, Juan Manuel

Sobre os criterios informativos seguidos pola CRTVG en relación coa Casa real

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 48317 (09/POC-007223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat

Sobre o tratamento informativo que lles está a dar a RTVG ás sesións plenarias do Parlamento de Galicia

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 48319 (09/POC-007224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat

Sobre os datos referidos aos programas contratados a produtoras externas e emitidos pola TVG desde xaneiro de 2013 ata xaneiro de 2016, así como a posibilidade da súa realización polos medios propios da canle pública

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 48325 (09/POC-007226)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat

Sobre a opinión da Dirección da CRTVG en relación co respecto nos informativos da TVG do pluralismo político e da representatividade das organizacións políticas con implantación no ámbito territorial de actuación

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2016

Marta Rodríguez Arias
Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

Acordo da Mesa do Parlamento, do 14 de marzo de 2016, polo que se admite a trámite o escrito do G.P. do Bloque Nacionalista Galego no que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e na Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres (docs. núms. 48143 e 48144)

Examínanse os escritos presentados polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego nos que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e na Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres (docs. núms. 48143 e 48144)

A Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G.P. do Bloque Nacionalista Galego nas seguintes comisións parlamentarias:

—Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Baixa: Ana Belén Pontón Mondelo

Alta: Francisco Xesús Jorquera Caselas

—Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres

Baixa: Ana Belén Pontón Mondelo

Alta: Tereixa Paz Franco

2º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa do seu deputado **Xabier Ron Fernández**, e ao través do seu Voceiro **Xosé Manuel Beiras Torrado** e da súa vicevoceira **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao proxecto de lei de reforma da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais** polos seguintes motivos:

No remate dunha lexislatura de recortes de dereitos, de pauperización da sociedade en xeral e de degradación constante dos servizos públicos o executivo galego lanza a reforma da lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais. Unha reforma que chega tarde, e en ano electoral e, segundo denuncian sindicatos de policía local, sen abrir o debido proceso de consulta, participación e diálogo.

Menos de dez anos e, no entanto, hai aspectos que xa falaban do nacemento eivado da Lei 4/2007. Sentenzas existentes xa no 2006 que falaban en contra da dispensa de grao e outras máis recentes no tocante aos límites de idade (art. 33.2), inciden na necesidade da reforma. Mais o procedemento e a fondura da mesma non son as máis acaídas.

A reforma da lei é necesaria, mais, curiosamente, a modificación presentada polo goberno de dereitas non incide en aspectos que son precisos afrontar de forma decidida para avanzar na profesionalización das policía locais e para evitar o uso sectorario, clientelar ou partidista deste corpo de seguridade que ofrece, sen dúbida, o servizo público de proximidade da maior importancia para a cidadanía galega.

Dos 96 artigos que contén a Lei 4/2007, a presente proposta atinxe a unha cuarta parte do total dos artigos da Lei, os que teñen que ver co réxime de funcionamento da Comisión de Coordinación (art. 19); coas escalas e categorías (art.24); co capítulo I do título V (ingreso, promoción e mobilidade (arts. 32-34, 37-40, 44)); co título Capítulo II do título VI (idade de xubilación, art. 61) e capítulo III (segunda actividade, arts. 64-65); modifícase o título VII sobre o réxime disciplinario (arts. 75-87); e modifícase o requisito para o acceso ao corpo de vixilantes (art. 92) e auxiliares municipais (art. 95), así como se suprimen os aspectos sancionados referidos á homologación de título que concedía a Academia Galega de Seguridade Pública (disposicións adicional segunda e transitoria primeira), así como se engade unha disposición adicional única coa equivalencia de titulacións en base a Lei do Emprego público.

Non pode ser que a reforma permaneza nun estado epidérmico e superficial. As circunstancias actuais informan dun terrible baleiro de recursos humanos e materiais na plantilla da policía local en Galicia que podería ser inferior en máis dun 40% con respecto aos propios números que marca a lei a través dos decretos que a desenvolven. Isto xa fala dunha ausencia ou dunha ineficacia á hora de controlar e de dotar dos mecanismos precisos para que os concellos podan cumprir a lei.

A Xunta debe velar polo exercicio das súas competencias en escrupuloso respecto coa autonomía municipal en materia de coordinación e formación de policía locais. A Xunta de Galicia ten a responsabilidade política de establecer as medidas e as ferramentas que permitan fixar unhas bases comúns no réxime xurídico e estatutario dos corpos de policía local, a homoxeneización dos criterios de organización e rexime de funcionamento, a uniformidade nos procedementos comúns de selección, promoción e mobilidade, que melloren na súa profesionalización e eviten vicios pasados e actuais. Entendemos que a reforma debe ofrecer os mecanismos legais para impedir o uso 'caciquil' das policía locais.

As eivas detectadas polos axentes sociais implicados na tarefa de levar a cabo e dar realidade ao servizo público que desenvolven as policía locais son numerosas e implicarían a reforma de artigos que non están contemplados no texto presentados aos grupos parlamentarios:

- 1) A necesidade de establecer un mecanismo efectivo de control e observancia do estrito cumprimento dos termos establecidos na lei para que se dea a función de coordinación e unificación que sinala a Lei.
- 2) A necesidade de ter en conta a pluralidade existente nos corpos de policía locais para que a súa representatividade sexa acorde á mesma e permita a participación real e dialogar nos procesos de adopción de decisións que afectan ao día a día da policía local. A actual Comisión de Coordinación actual non semella responder a esa realidade plural.
- 3) O contexto de recortes orzamentarios afectou a capacidade operativa dos concellos, sendo os pequenos e os rurais os que máis dificultades teñen para manter unha policía local coas condicións dignas que se merecen os seus traballadores e traballadoras. Cómpre dar facilidades administrativas para que determinados concellos veciños podan garantir así a provisión do servizo público de forma axeitada. Isto debe regularse de forma tal que se eviten os atrancos “endogámicos” que só provisionan o servizo apelando á súa cota de poder. A profesionalización do servizos e a calidade do servizo público non poden estar supeditados aos desexos interesados de ninguén. A cidadanía, sexa de onde sexa, merece uns servizos públicos de calidade.
- 4) Dáse unha terrible diferenciación salarial dentro da policía local que pode chegar a uns 800 euros de media ao mes, sendo idénticas a antigüidade, os servizo e funcións que ofrecen, sendo a diferenza atoparse nun concello ou noutro. Cómpre, polo tanto homoxeneizar os salarios para evitar discriminacións inxustas e o desexo lóxico de mobilidade a concellos “mellor pagadores”.
- 5) No decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece na súa parte expositiva que o recomendable é aspirar a chegar a 1,8 policía por cada mil habitantes. No entanto, isto choca co que figura no artigo 30.1 da Lei 4/2007, onde se establece que o número mínimo debe ser de dous policía e un oficial. Contrasta este dato coa lexislación existente noutras comunidades do estado, como a murciana, onde se establece que o número será de 6 policía, 1 cabo e 1 sarxento. Ou no recente anteproxecto de lei presentado en Andalucía que

sinala un número mínimo de cinco membros (art. 12.1) nas localidades de máis de 5.000 habitantes. En Galicia estanse dando situacións anómalas con concellos con só 1 ou 2 policía locais, ou concellos de 18.000 habitantes con 10 policía e as grandes cidades presentan todas un déficit de plantilla. O ideal debe ser un número par e regular a patrulla a dous para evitar evidentes situacións de risco para a policía local no suposto caso de que se permita a turnicidade de rúa individual. Ningún dos 129 concellos con policía local cumpre coas ráteos.

- 6) Cómpre regular de forma clara a mobilidade horizontal (entre localidades) e vertical (dentro da propia localidade e no ascenso profesional), así como o acceso ás prazas, evitando o “cursus honorum” endogámico, para que os principios constitucionais de mérito, capacidade, igualdade e publicidade, así como un proceso de provisión de prazas centralizado, sexan o mellor indicio de profesionalización deste servizo público.
- 7) Para un mellor desenvolvemento da normativa aplicable ás policía locais, cómpre fixar a elaboración de regulamentos orgánicos para o funcionamento do servizo público da policía local.

A estas eivas hai que engadir aspectos que introduce a propia modificación proposta polo executivo:

- a) A redución de xuntanzas a realizar por parte do órgano encargado de coordinar as policía locais (art. 19.1) que pasa de 4 reunións ao ano ordinarias a só 2. Isto xa sinala que non se quere converter a Comisión de Coordinación nun órgano de control, supervisión e coordinación eficaz e eficiente. Se queremos un servizo público de calidade, que garanta as funcións coas que se dota mediante a lei, non pode estar ao “desexo” e “vontade” dos alcaldes das distintas localidades.
- b) Hai aspectos que non se entenden nunha democracia avanzada como é que se negue o dereito fundamental de folga, xa que este exercicio sería considerado falta moi grave.

Polas razóns aquí expostas, o Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerdas formula a presente emenda de devolución á totalidade da reforma da lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

Compostela, 04 de marzo de 2016

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 04/03/2016 13:23:38

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 04/03/2016 13:23:43

Eva Solla Fernández na data 04/03/2016 13:23:45

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través das súa deputada, **Consuelo Martínez García** e **Mónica Fernández Rodríguez** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, ao **Proxecto de Lei** polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril de **coordinación de policía locais** (documento nº **47240**, expediente **09/PL-000036**) baseándose nos seguintes motivos:

O presente Proxecto de lei apenas actualiza á lexislación vixente aspectos da Lei 4/2007 de Coordinación de Policía locais. Esta modificación é minimalista, ademais de ser un claro exemplo de legislar por legislar sen dar resposta aos problemas reais.

Con total evidencia, obvia avances normativos relacionados coa protección da maternidade, e cando menos sería desexable habilitar ao goberno para que incorpore no desenvolvemento regulamentario do proxecto de lei normas de protección para a situación de embarazo, parto ou puerperio, especialmente nas probas de acceso ás prazas de policía local.

Non podemos deixar de demandar un artigo dedicado especificamente á protección da acción sindical e da negociación colectiva no corpo de policía local. En xeral, atopámonos neste tema perante unha eiva crónica nas modificacións normativas impulsadas polo Partido Popular que van minguando ou obviando a regulamentación que debe protexer o dereito á negociación colectiva e á representación sindical que entendemos básica para a defensa dos dereitos das traballadoras e traballadores.

Outra obxección real aféctalle a que a modificación pasa por alto a necesidade dos concellos de colaborar para prestar os servizos de policía local agrupados.

Parlamento De Galicia | Emenda

Non nos parece realista obviar este avance lexislativo cando as normativas máis recentes contemplan vías de colaboración que se abriron a partir da modificación da Lei de Bases de Réxime Local que ampliou esta posibilidade de conformidade co previsto na Disposición Adicional quinta da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade que foi regulada por Orde 2944/2010, de 10 de novembro, pola que se determinan as condicións para a Asociación de Municipios coa finalidade de prestar servizos de Policía Local. Cremos tamén que o articulado debería definir tanto os requisitos como o procedemento da colaboración intermunicipal.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar Mixto, por iniciativa das súas deputadas Consuelo Martínez García e Mónica Fernández Rodríguez, formulan a presente emenda de totalidade ao Proxecto de Lei polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais solicitando a súa devolución ao Goberno.

Pazo do Parlamento a venres, 04 de marzo de 2016

Asdo.: Consuelo Martínez García

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 04/03/2016 13:06:19



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, José Luís Méndez Romeu, Marián Ferreiro Vidarte, María Concepción Burgo López e Emilio Vazquez Blanco, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

No día de hoxe vimos de coñecer por informacións que nos trasladan os nosos compañeiros e compañeiras do Grupo Municipal Socialista no Concello da Coruña toda unha serie de deficiencias que se veñen producindo nos centros educativos públicos da súa cidade dende o inicio do curso académico 2015-2016, sabendo que unha parte dese mantemento corresponderíalle ao Concello da Coruña, e outra parte á propia Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, situación na que centraremos precisamente esta iniciativa parlamentaria.

Temos constancia no Grupo Parlamentario Socialista que durante anos se fixo dende o Concello da Coruña un importante esforzo investidor por atender as necesidades demandadas dende as diferentes comunidades educativas da cidade, cousa que agora non se está a facer coa mesma intensidade.

Sabemos tamén, que dende o inicio do actual curso escolar véñense producindo queixas en diferentes comunidades educativas coruñesas, e poñeremos algúns exemplos significativos: problemas nas obras do colexio María Barbeito, problemas na cuberta do colexio Raquel Camacho, perda do dereito ao uso da piscina no IES da Agra de Orzán e as diferentes demandas que chegan dende os colexios Labaca e Anxo da Garda, cuestións todas elas que teñen mobilizado ás súas respectivas comunidades educativas.

Entende o Grupo Parlamentario Socialista que estas cuestións deben ser abordadas e solucionadas por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en coordinación co propio Concello da cidade da

Grupo Parlamentario

Coruña.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso, e para saber que está a facer realmente o Goberno galego en relación coas demandas que vimos de expoñer das diferentes comunidades educativas coruñesas, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

1ª) Ten previsto a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria atender ás necesidades demandadas polos colexios públicos coruñeses aquí enumeradas?

2ª) Asinouse algún tipo de acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Coruña para acometer estas obras, de ser a resposta afirmativa, cando, para acometer que obras concretas e con que orzamento?

Pazo do Parlamento, 4 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 04/03/2016 15:57:19

Jose Luis Méndez Romeu na data 04/03/2016 15:57:29

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 04/03/2016 15:57:41



 [Grupo Parlamentario](#)

María Concepción Burgo López na data 04/03/2016 15:57:49

Emilio Vázquez Blanco na data 04/03/2016 15:57:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, membros do **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión IV**, relativa á tramitación de diferentes proxectos do centro de restauración san Martín S.L.

O noso patrimonio histórico, cultural e natural precisa dunha sostida labor de protección, restauración, conservación e salvagarda por parte da Xunta de Galicia, para facer efectivo o dereito da cidadanía ao seu acceso, coñecemento e gozo. Historicamente o feble Estado liberal español descoidou a cura do seu patrimonio cultural, abandonándoo en parte á tutela de institucións privadas, caso da igrexa católica.

A deficiente labor pública neste eido ten causado innumerables perdas ao noso patrimonio. Atópase en curso un proxecto de lei de patrimonio cultural de Galicia, que o noso grupo emendou coa vontade de dotar aos poderes públicos das ferramentas suficientes que o preserven para os séculos e xeneracións que virán.

En concreto, ao noso grupo cónstalle a necesidade de acometer labores de restauración en diferentes obras de arte, que dependen da diócese ourensá da igrexa católica:

- Retablo colateral do Calvario do santuario dos Remedios de Verín, en Vilamaior do Val, templo grande do século XVI, reformado no XIX.
- Retablo maior de santa María do Corbillón.
- Retablo maior de Abelenda das Penas.
- Imaxe da virxe da O, na capela de Pontelinares.

Estas obras arrastran un trámite dos seus proxectos de restauración, non exento de contradicións, que cómpre clarexar de inmediato. Para elo resulta indispensable facer públicos o conxunto dos expedientes, de maneira que se coñeza as resolucións ditadas por patrimonio cultural, os proxectos e a normativa a que se teñen que suxeitar.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Cal é o estado de conservación que lle consta á consellaría de educación e cultura do retablo colateral do Calvario do santuario dos Remedios de Verín, do retablo maior de santa María do Corbillón, do retablo maior de Abelenda das Penas e da imaxe da virxe da O, na capela de Pontelinares?
- Contempla a Xunta de Galicia facer públicos a totalidade dos expedientes para a restauración das seguintes obras artísticas: retablo colateral do Calvario do santuario dos Remedios de Verín, retablo maior de santa María do Corbillón, retablo maior de Abelenda das Penas e da imaxe da virxe da O, na capela de Pontelinares?

En Compostela, a 4 de marzo do 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recousó

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 04/03/2016 14:24:39

Ramón Vázquez Díaz na data 04/03/2016 14:24:44

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 04/03/2016 14:24:50

Eva Solla Fernández na data 04/03/2016 14:24:52

Anton Sánchez García na data 04/03/2016 14:24:56

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 04/03/2016 14:24:57

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Mónica Fernández Rodríguez e Consuelo Martínez García, deputadas do **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

O CEIP Luis Pimentel na cidade de Lugo, a igual que moitos centros educativos de Galiza precisa melloras nas súas infraestruturas, para resolver e adaptarse as necesidades polo elevado número de alumnado. Este centro con máis de 30 anos de antigüidade fai que se quede pequeno para as esixencias do barrio que está a crecer nos últimos anos. Accións de mellora para a funcionalidade e habitabilidade dentro dos parámetros marcados segundo as súas características.


A Xunta ten o compromiso de mellorar a calidade da educación pública modernizando e actualizando as demandas xurdidas dos centros educativos e deste en particular dedicado ao ensino de infantil e de primaria.

Co presuposto recibido nos últimos anos foron mellorando e aumentando servizos indispensábeis, a costa de reducir o espazo interior do propio centro, que se atopa nunha situación límite ao non poder adaptar máis superficies.

Entre as distintas posibilidades que hai para resolver este problema, a de ampliar o edificio é que se adapta mellor ás necesidades específicas, onde se debe respectar a normativa que regula o espazo do centro, as aulas e os espazos exteriores.

Tamén se engade outro problema que é o acceso sen control cando o recinto está pechado, debido a facilidade para trepar polos muros que delimitan o centro, que trae como consecuencia o maltrato ás instalacións, a sucidade que

1



pode traer riscos se non se limpa antes de que podan acceder as alumnas e alumnos.

Considérase urxente o peche cun muro de maior altura, para evitar este tipo de entradas e que o concello leve o mantemento diste centro.

Tamén teñen outras necesidades de mellora para evitar posibles accidentes á hora de moverse polas pistas exteriores, debido ao desnivel do chan, e outras adecuacións das instalacións...


Polo exposto, as deputadas que subscriben, formulan as seguintes **preguntas** á Xunta para a súa resposta oral en **Comisión**:

- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia con estas demandas do CEIP Luis Pimentel na cidade de Lugo?
- Vai ampliar o edificio central do CEIP ou facer outro alternativo dentro das instalacións escolares?
- Vai buscar alternativas para aumentar o recinto escolar tendo en conta a normativa do espazo do centro, das aulas e dos espazos exteriores?
- Vai solucionar os problemas xurdidos pola pouca altura do muro?

Pazo do Parlamento, a 07 de marzo de 2016

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*


*Asdo.: Consuelo Martínez García
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*



Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 07/03/2016 10:05:12

María Consuelo Martínez García na data 07/03/2016 10:05:25



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Eva Solla Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Comisión**, en relación co sector lácteo de Galiza.

Segundo o último informe da Coordinadora de Organizacións de Agricultores e Gandeiros (COAG) que toma como referencia as estatísticas do Ministerio de Agricultura, Galicia continúa estancada no que á produción de leite se refire e segue inmersa nun proceso continuado de descenso dos prezos, liderando case que todos os ránkings negativos.

Galicia é a CCAA na que menos aumentou a produción entre novembro de 2013 e o mesmo mes de 2015. Malia que en todas as autonomías se rexistrou un incremento, no país foi dun 4,8% fronte ao case 7% de suba media estatal e os aumentos de entre o 12 e o 15% en territorios menos con menor tradución produtora como Navarra, Andalucía ou Castilla-La Mancha. Xa que logo, Galicia perde peso malia manterse aínda como a principal autonomía produtora do Estado, co 40% do total.

No que se refire aos prezos pagados polo leite, encabezamos a lista negativa. Galicia é onde máis baixou o importe, cunha caída do 26,4% no mesmo período fronte ao descenso medio estatal do 20,1%, ao pasar dos 38 céntimos aos 31. Nas granxas galegas, a baixada foi dos 39 céntimos de novembro de 2013 aos 28,7 céntimos de media que se pagan agora. Máis de dez céntimos de diferenza en dous anos.

Unha ollada á evolución dos prezos pagados ao produtor por territorios no Estado amosa como Galicia mantense como a autonomía cos importes máis baixos desde xuño de 2014, hai xa máis de ano e medio, e cun descenso constante só compensado por lixeiros repuntes aínda insuficientes desde o pasado verán e que as organizacións agrarias

atribúen a casos conxunturais e non aos efectos dun acordo lácteo que consideran "un fracaso".

De feito, os últimos datos do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) sinalan que en decembro de 2015 os prezos pagados en Galicia situáronse nunha media de 28,8 céntimos, moi por debaixo aínda do custo de produción, tres menos que o importe do conxunto do Estado e lonxe de autonomías como Andalucía, onde as granxas cobran case seis céntimos máis por litro.

Os baixos prezos e a falta de expectativas provoca o peche diario de explotacións en Galicia, onde actualmente son 9.132 as granxas que venden o leite dos seus animais ás industrias fronte ás 9.606 de hai un ano. Son 474 menos, o 68,6% do total de explotacións que tiveron que pechar no conxunto do Estado. Máis de unha explotación fechada en cada xornada do ano.

Mentres, tanto COAG como as organizacións agrarias galegas e a propia Plataforma na Defensa do Sector Lácteo Galego insisten na ineficacia dun acordo lácteo que segue a basearse na boa vontade das empresas. Logo de que as protestas dos gandeiros acadasen os compromisos dos incrementos nos prezos dos cartóns de leite, o traslado destes aumentos Lactalis está no punto de mira ao ser unha das principais firmas que se nega a trasladar esa suba e a Plataforma xa iniciou as protestas e ameazou cun "duro boicot" contra o grupo francés. Ante as advertencias e os anuncios de sinalar ante os consumidores as marcas que non se deben comprar, a empresa francesa tería aceptado pagar xa o incremento no prezo na liquidación do leite entregado no mes de xaneiro, aínda que este acordo aínda non foi confirmado oficialmente pola compañía, unha das que máis produto recolle en Galicia. ás granxas por parte das industrias está a ser máis complicado.

Polo exposto, formulase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Cal é a opinión da Xunta da declinante evolución do sector lácteo galego?
- 2) Que está a facer a Xunta de Galicia para atallar esta situación desastrosa?
- 3) Vai apremiar a Xunta de Galicia ao goberno central para que impulse un novo acordo lácteo que colme as demandas do sector lácteo galego?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2015.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 07/03/2016 16:51:32

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/03/2016 16:51:39

Ramón Vázquez Díaz na data 07/03/2016 16:51:42

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 07/03/2016 16:51:45

Eva Solla Fernández na data 07/03/2016 16:51:48

Jose Javier Ron Fernandez na data 07/03/2016 16:51:52

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Eva Solla Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**, en relación coa demografía do rural de Galiza.

A poboación do rural galego continúa a caer. Galicia lidera o descenso de poboación rural no Estado español: un 7,3% entre 2008 e 2014. 25 persoas menos cada día, según datos do Ministerio de Medio Ambiente.

A poboación que vivía nalgún dos 230 concellos do rural a finais de 2014 sumaba 750.719 personas, unha cifra que supón algo máis dunha cuarta parte (27,2%) do total de habitantes. O que significa que máis do 70% da poboación galega se concentra en só 86 concellos, un tercio do total. O desequilibrio é brutal e as consecuencias para o país son desastrosas.

No arranque da crise, en 2008, o rural tiña 805.000 habitantes. A diminución foi de 55.000 persoas, o 7,35%, unha porcentaxe que está moi por riba da media do Estado: 2%.

Según Medio Ambiente, un concello considerase rural cando ten unha poboación inferior aos 30.000 habitantes e unha densidade por debaixo dos 100 veciños por kilómetro cuadrado.

Lonxe de deterse, a sangría de poboación aumenta cada ano. No caso dos concellos máis pequenos, o descenso pasou do 4% ao 10,3%.

Un dos rasgos máis relevantes desta situación demográfica, segundo o estudo de Medio Ambiente, é o seu elevado grao de masculinización. Mentres que as

mulleres representan o 50,9% do total da poboación do Estado español, nos municipios rurais esta porcentaxe baixa ata o 49,1%, cifra que se reduce ata o 48,6% nos municipios rurais de pequeno tamaño. No caso galego as cifras agrávanse. No caso galego as cifras son bastante peores. As mulleres representan o 51,7% da poboación de Galicia, pero caen ata o 49,8% nos concellos rurais e ata o 48,6% nos de menor tamaño.

Pero o maior problema da poboación rural é o seu avellentamento, o peso proporcional dos maiores de 65 anos está por enriba da media e existe unha menor presenza de xente nova. Segundo o informe de Medio Ambiente: "La población gallega presenta un nivel de envejecimiento superior a la media, sobre todo en el medio rural".

A proporción de habitantes con máis de 65 anos (23,6%) case duplica a de menores de 16 anos (12,6%). No medio rural, o 31,7% dos habitantes son maiores de 65 anos e só un 9,2% ten menos de 16.

Nos municipios rurais de pequeno tamaño, nos que só o 7,4% dos seus habitantes ten menos de 16 anos, a cifra de maiores de 65 escala ata o 35,5%. Se ben a taxa de poboación maior de 65 anos aumentou en todas as comunidades entre 2008 y 2014. Galicia é, canda Asturias e Castela e León a que presenta un maior grao de avellentamento, con taxas próximas ao 24%.

Si se analizan só os municipios rurais, o maiores aumentos rexístranse, de novo, en Galicia, á par que nas Illas Canarias e a C. Valenciana. Ao fixarse só nos municipios rurais de menor tamaño, tamén Galicia, e Canarias, a Comunidade Valenciana e Asturias, é un dos territorios que máis envelleceu nestes anos.

Como consecuencia deste declive demográfico, cada vez hai menos persoas traballando no rural. Desde 1980 a 2014 o número de ocupados no Estado español no sector primario se reduciu nun millón e medio de persoas, desde 2.209.000 ata 736.000. Galicia, con Andalucía e Castela e León, forma parte de máis do 50% deste descenso. No noso país a cifra diminuíu en case que dous terzos desde o 2000. Daquela había 171.696 postos de traballo no sector

primario. No terceiro trimestre de 2015, só 65.000. Mentres en 1977, o 45% dos ocupados traballaban no sector primario, en 2014 facíao só o 6,6%.

Polo exposto formulase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Cal é a opinión da Xunta do desolador panorama demográfico galego?
- 2) Que está a facer a Xunta de Galicia para paliar o avellentamento do noso rural?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 07/03/2016 17:02:08

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/03/2016 17:02:16

Ramón Vázquez Díaz na data 07/03/2016 17:02:20

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 07/03/2016 17:02:22

Eva Solla Fernández na data 07/03/2016 17:02:26

Jose Javier Ron Fernandez na data 07/03/2016 17:02:29



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e Ana Belén Pontón Mondelo, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa a saber cales son as razóns que levan á Consellaría a trasladar o Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Cotorredondo despois de décadas de bo funcionamento e sendo referencia en educación ambiental.

O pasado 13 de xaneiro soubemos a través dos medios de comunicación a decisión da Consellaría de Medio Ambiente de trasladar o Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Cotorredondo, no Concello de Marín, a Cotobade.

Segundo manifestacións da conselleira titular, Beatriz Mato, a Xunta ten previsto iniciar o traslado de “xeito inmediato” co obxectivo de poñelo en marcha no 2017. A conselleira engadiu que a Xunta “quere apostar por este centro, non só no eido da repoboación, senón da recuperación da fauna, polo que trasladaremos a este concello, a unha finca que hai aquí ao lado, o centro de recuperación de fauna que temos en Cotorredondo para darlle un pulo a un centro integral de recuperación e repoboación, que garantirá a eficiencia dos recursos e que porá o foco no concello de Cotobade no que se refire á atención á fauna, principalmente ás aves”.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Cotorredondo leva décadas en funcionamento no entorno da lagoa de Castiñeiras, nos montes de San Xulián. As instalacións comprenden unha área de recepción e atención veterinaria, quirófano, UCI, cámaras de muda e voo e parque para aves acuáticas, ademais de instalacións necesarias para o mantemento e o funcionamento cotiá do centro.

Os últimos datos sobre a actividade do centro revelan unha intensa actividade: durante os oito primeiros meses do ano 2015 Cotorredondo rexistrou unha entrada de 738 animais, dos cales o 88% foron aves, e o 7,7% mamíferos como corzo, londra, ou ourizos, e o resto reptís. Este “hospital para animais” cobrou especial protagonismo durante a crise do Prestige cando se atenderon centos de aves petroleadas. O Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Cotorredondo está intimamente ligado á área recreativa de Castiñeiras e desde os seus inicios desenvolveu tamén un proxecto educativo destinado, prioritariamente, a nenos e nenas de ensino primario paralelo ao da Aula da Natureza de Castiñeiras anexa ás instalacións do centro.

En resumo, o Centro é referente en educación ambiental para o Concello de Marín e a súa comarca, un punto de atracción para os visitantes e un valor engadido ao Parque de Castiñeiras e Cotorredondo, que os veciños e veciñas de Marín non queren perder baixo ningún concepto.

O convenio entre a Comunidade de Montes de San Xulián e a Xunta que facultou á consellaría a utilizar as instalacións do Centro, venceu hai dous anos sen que a Xunta manifestará aos comuneiros se lle interesaba renovalo ou non. Un chanzo máis por parte do goberno galego no alarmante deterioro ao quen sometido o Parque de Castiñeiras.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.-Cal é o investimento anual que destina a Consellaría ao mantemento do Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Cotorredondo? A canto ascende o do ano 2015 e cal é o previsto para o 2016?

2.-Cales son as razóns que levan á Consellaría a deixar ao Concello de Marín sen o Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Cotorredondo despois de décadas de bo funcionamento?

3.-Que investimento suporá o traslado a Cotobade e porque se decide “poñer o foco” neste concello?

4.-Como e cando, de telo feito, comunicou a Consellaría ao Concello de Marín esta decisión?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2016

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputado e deputada do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 07/03/2016 17:04:51

Ana Belén Pontón Mondelo na data 07/03/2016 17:04:56

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.


Mónica Fernández Rodríguez e Consuelo Martínez García, deputadas do **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª** Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

O concello de Ortigueira é un dos corenta e catro concellos de Galiza incluídos no plan de expansión de Gas Natural para o período de 2015-2020. Dita empresa vai instalar, por medio de Gas Galicia SDG S.A. unha planta satélite de almacenamento e regasificación de gas licuado.

O sitio escollido para esta planta é a parroquia de Luía, nunha parcela duns 3.000 metros cadrados. Explican que dita instalación dará subministración de gas licuado á poboación do casco urbano de Ortigueira. É a primeira parte do proxecto que continuará coa montaxe da rede de distribución. Non explican os prazos de instalación da planta nin da canalización.

O emprazamento para sitalo é o lugar de As Regas, a carón de Escolleito, provocou o rexeitamento unánime das veciñas e veciños e do propio concello de Ortigueira por considerar o depósito de alto risco por estar moi próximo ás vivendas, en solo rústico e ao pé da zona Ramsar que é unha zona húmida moi importante.

O proxecto que Gas Galicia presentou no ano 2011 para instalar unha planta de gas natural licuado no polígono industrial de Cuíña, segundo aparece recollido no BOP provincial do 23 de decembro do ano 2011 cun presuposto de 789.352 euros. Pero o custe no novo emprazamento ascende a 140.493 euros.



Neste caso no anuncio do BOP do 12 de febreiro deste ano non anuncia a rede de distribución pero si a anterior.

Polo exposto, as deputadas que subscriben, formulan a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**:

- Realizou a Xunta a avaliación de impacto ambiental para a localización do depósito de gas no concello de Ortigueira en relación á prevención da contaminación dos acuíferos, subsolo, e seguridade para a vida da veciñanza do concello?
- Ten previsto a Xunta outorgar máis autorizacións para a instalación de depósitos de gas no territorio galego?
- Ten previsto a Xunta conceder outras autorizacións administrativas para a distribución de gas natural noutros concellos de Galiza?
- Esixiu avais económicos a Gas Natural como seguro preventivo de posibles accidentes ou problemas que poidan xurdir nesa instalación?


Pazo do Parlamento, a 08 de marzo de 2016

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*


*Asdo.: Consuelo Martínez García
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 08/03/2016 12:06:49



María Consuelo Martínez García na data 08/03/2016 12:06:55



Á MESA DO PARLAMENTO

Os deputados **Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz** e a deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a asúa resposta oral en Comisión.

Desde hai meses a Xunta de Galiza deixou de financiar a entidades de carácter asociativo para realizar cursos de fitosanitarios. Por outra parte desde o 26 de novembro do ano 2015, é obrigatorio estar en posesión do carné para mercar, manipular e calquer outro tipo de operación relativa aos produtos fitosanitarios. O propio Real Decreto 1311/2012 establece que o Agricultor profesional está obrigado a ter o carné. Tamén o decreto di que unha persoa que non sexa agricultor profesional pode aplicar produtos pero sempre con envases preparados para esas persoas non profesionais.

A empresa "RABCOR 2014 SL" de Ponferrada daba ditos cursos en modalidade on-line. Pero a Xunta de Galicia non autorizara ata xaneiro deste ano estes cursos en modalidade on-line, moitos agricultores galegos se desprazan a León ou Zamora a sacar o carné. Porén, existen sospeitas de que a CCAA de Castela e León non estea a inspeccionar correctamente a esta empresa razón detrás da cal podería estar o feito de que os cursos presenciais se impartan en fin de semana (algo que xera queixas nos usuarios galegos), e que podería estar a aplicar criterios excesivamente laxos nos seus cursos para conseguir o carné fitosanitario.

A Junta de Castela e León recoñeceu que existen denuncias sobre esta cuestión e indicou que no que respecta aos cursos impartidos a cidadáns galegos "Castela e León só expide os carnés daqueles solicitantes que teñan o seu domicilio postal na nosa comunidade autónoma; é dicir, para os alumnos con domicilio en Galicia o responsable de expedir o carné é a Xunta de Galicia".

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Que pensa facer a Xunta de Galicia ante as denuncias de irregularidades nesta empresa que ofrece cursos para obter o carné de fitosanitarios á que acuden moitos agricultores galegos?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 08/03/2016 12:50:06

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/03/2016 12:50:13

Eva Solla Fernández na data 08/03/2016 12:50:16

Ramón Vázquez Díaz na data 08/03/2016 12:50:22

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/03/2016 12:50:25

Jose Javier Ron Fernandez na data 08/03/2016 12:50:28

Á MESA DO PARLAMENTO

Os deputados **Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz** e a deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a asúa resposta oral en Comisión.

Segundo o informe "Efectos de la crisis económica en los poderes judiciales" emitido a Sección de Estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial, o número de desafiuzamentos en Galiza descendou só nun 3,5%. Houbo nada menos que 800 desafiuzamentos por procedementos de execución hipotecaria e 1.507 por impago de aluguer.

De xaneiro a setembro houbo 1.387 execucións hipotecarias na nosa comunidade, un 5,8% menos que no mesmo período do pasado ano (1.473).

Por todo o exposto Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

Que opina a Xunta de Galicia do feito de que as reducións de desafiuzamentos e execucións hipotecarias sexan tan raquílicas no noso país?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 08/03/2016 12:49:16

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/03/2016 12:49:24

Eva Solla Fernández na data 08/03/2016 12:49:27

Ramón Vázquez Díaz na data 08/03/2016 12:49:33

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/03/2016 12:49:36

Jose Javier Ron Fernandez na data 08/03/2016 12:49:38



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Xabier Ron Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Ramón Vázquez Díaz, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, membros do **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión I**, relativa á elaboración dun plan galego de dereitos humanos.

A conferencia sobre Dereitos Humanos celebrada en Viena en 1993 recolleu na súa declaración final e no seu plan de acción a recomendación aos Estados para elaborar plans de acción que promovan e protexan os dereitos humanos. Preto de se cumprir o septuaxésimo aniversario da Declaración Universal de Dereitos Humanos das Nacións Unidas, aprobado ao abeiro da derrota inflixida á barbarie nazifascista, abundan as vulneracións e incumprimentos desa norma universal.

As políticas de recortes e privatizacións executadas nestes anos de crise-estafa polos gobernos obedientes á troika exacerbaron as carencias respecto ao efectivo cumprimento dos dereitos humanos no noso país, onde o goberno da Xunta tentou ser o alumno avanzado das políticas austericidas con dramáticas consecuencias para a nosa cidadanía.

No reino de España contamos cun precedente, ben que insuficiente e orfo de continuidade, como é o Plan de Dereitos Humanos, aprobado en decembro de 2008. Diversas avaliacións críticas indican que dito plan adoeceu de concreción, porque as 172 previstas xa estaban en marcha ou xa remataran a súa acción no momento da aprobación do devandito plan. Son numerosas as eivas que podemos enunciar:

- non contou con indicadores axeitados quen de permitir unha avaliación crítica;
- non estableceu un enlace coherente entre as medidas que o integraban;
- mantivo zonas de opacidade, caso das moi heteróxeneas fichas de seguimento, que non eran públicas, ou de informacións adicionais de difícil rastreo;
- plan feito de costas a demasiadas entidades e asociacións que loitaban e seguen a loitar pola efectiva vixencia da declaración de dereitos.

A radical insuficiencia que nesta materia fundamental presenta hoxendía o Estado español, e por extensión Galicia, pode apreciarse na recomendación emitida polo Comité de Dereitos Humanos da Nacións Unidas, en xullo do 2015, relativa a demandar un novo plan de dereitos humanos para, desta maneira, tratar de xeito efectivo as cuestións relevantes que formulan a sociedade civil, o propio Comité e outros organismos de defensa dos dereitos humanos, e para garantir que o plan dispoña de recursos humanos e materiais suficientes para se aplicar de xeito efectivo, ademais de dispoñer de mecanismos de control e vixilancia, así como de rendición de contas.

Para superar estas eivas e para enfrontar a práctica cotiá de vulneración dos dereitos humanos no noso país, cómpre dar un impulso político dende a Xunta de Galicia e, xa que logo, elaborar un plan nacional de dereitos humanos que achegue recursos e coordinación para garantir un país máis xusto e mellores condicións de vida para a nosa cidadanía.

Un plan galego para a promoción e protección dos dereitos humanos que siga as recomendacións das Nacións Unidas ao respecto.

E elo, porque Galicia presenta numerosos indicativos en materia de paro e protección social, en baixos salarios e traballadores e traballadoras pobres, en pobreza e exclusión social, en particular de pobreza infantil, na feble integración socioeconómica de diversos colectivos, caso das persoas migrantes, etc., que requiren dunha acción política firme para seren resoltas e polo tanto para afirmar de xeito real a vixencia do catálogo de dereitos humanos, condición necesaria para que as persoas – con independencia do súa situación administrativa – dispoñan de condicións materiais de vida digna. Procurar condicións de vida digna que supón, en resumo, a causa final da lexitimidade da acción pública, e que debería atender ás verbas escritas no discurso poético do “O xardín das rosas” de Gulistán Saadi, cando interpela a aqueles que non senten o sufrimento da humanidade para dicirlles que non merecen ser chamados humanos.

Non hai moito, a Xunta de Galicia puxo en marcha a ***A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020***, que “constitúe un novo e reforzado marco integrado de intervencións orientadas a responder de xeito efectivo e coordinado ás situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social, e procurar os apoios precisos para que as súas persoas destinatarias acaden a súa inclusión social e laboral.” Resulta evidente que os Dereitos Humanos se elevan por riba da visión “precarizada e empobrecida” en que nos mergulla o discurso caritativo, para adentrármonos no discurso dos Dereitos Humanos.

O Plan de Dereitos Humanos de Galicia debe incorporar, polo tanto, a visión da inclusión social coma un dos seus piares estruturais, mais debe ir máis aló e definir, desde unha óptica transversal a acción política de todas as diferentes áreas temáticas das distintas administracións públicas galegas. e implicar a coordinación efectiva de todas elas. E, igualmente importante, poñer en marcha os mecanismos de verificación e control dos compromisos que se deben gardar en materia de dereitos humanos e, neste sentido, desde AGE queremos incidir na importancia de que ese Plan se estableza a través de verdadeiros mecanismos de participación cidadá de todos os axentes políticos e sociais implicados.

En atención ao sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- Vai poñer en marcha a Xunta de Galicia os mecanismos de participación necesarios para que, mediante o diálogo crítico, se defina un Plan Galego de Dereitos Humanos?

En Compostela, a 8 de marzo do 2016, día internacional da Muller Traballadora

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recousó

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 08/03/2016 13:56:36

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/03/2016 13:56:43

Eva Solla Fernández na data 08/03/2016 13:56:45

Anton Sánchez García na data 08/03/2016 13:56:49

Ramón Vázquez Díaz na data 08/03/2016 13:56:51

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/03/2016 13:56:53



Á Mesa do Parlamento

Juan M. Fajardo Recouso, Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

A empresa pública Navantia ven de outorgar o contrato de mantemento dos seus estaleiros na comarca de Ferrol a unha UTE formada por Ferrovial e Elinco, mediante un proceso de contratación no que non se contemplaba a subrogación da plantilla, que ata agora realizaba estes traballos; este contrato outorgado cunha diminución moi importante da cuantía económica a nova adxudicataria, unha vez máis demostra que as reducións de adxudicación son sempre soportadas polos traballadores e traballadoras. Esta adxudicación supón de facto a destrución de máis empregos dos que a anterior adxudicataria mantiña nos astelerios públicos.

Dende AGE denunciámos esta forma de facer, onde se están a priorizar os recortes de gasto, fronte as condicións de seguridade e traballo; calquera redución nos custes do mantemento supón un deterioro das condicións laborais e, polo tanto, da seguridade non só do propio servizo senón do conxunto de traballadores de Navantia. Ademais a decisión de entregar este contrato a unha empresa multinacional supón, que o conxunto dos cartos adicados ao mesmo, non vai a quedar na comarca de Ferrolterra, moi castigada pola crise e as políticas neoliberais dos gobernos de turno, polo que no futuro esta situación

suporá un deterioro económico da comarca que, de abrirse esta fenda, pode continuar en outros contratos dependentes do estaleiro público.

Polo exposto formulamos a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que medidas ten previsto realizar o Goberno para garantir a subrogación dos traballadores adicados ao mantemento de Navantia?
2. Que valoración fai o Goberno da entrega a unha empresa de fora do país deste importante contrato público?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/03/2016 17:14:53

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/03/2016 17:15:04

Anton Sánchez García na data 08/03/2016 17:15:09

Eva Solla Fernández na data 08/03/2016 17:15:12

Ramón Vázquez Díaz na data 08/03/2016 17:15:18

Jose Javier Ron Fernandez na data 08/03/2016 17:15:21

A Mesa do Parlamento

Hipólito Fariñas Sobrino, Pedro M. Arias Veira, Moisés Blanco Paradelo, Berta Pérez Hernández, Cristina Romero Fernández, Francisco Santos Regueiro, Miguel Tellado Filgueira e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O biogás é un combustible obtido a través da biodegradación da materia orgánica de orixe animal e vexetal en condicións anaerobias, que reporta un importante beneficio ambiental, como a redución das emisións de CO₂ e importantes aforros económicos.

Galicia parece dispor, aparentemente, de capacidade e potencial para producir moitos metros cúbicos ao ano desta enerxía renovable, fundamentalmente con xurro procedente de vacún, de porcino e da avicultura aparte doutras fontes de xeración como os vertedoiros, as plantas de tratamento de residuos ou as estacións depuradoras de augas residuais, os matadoiros ou conserveiras.

Esta inesgotable fonte de enerxía e a súa produción sen custes supón unha contribución importante ao desenvolvemento das economías rurais, a mellora medioambiental e unha ferramenta para a creación de emprego, pero tamén constitúe unha vantaxe competitiva para a industria, contribuíndo ao desenvolvemento económico e a reducir a dependencia económica de Galicia.

O Goberno galego, consciente do potencial de produción e dos seus beneficios, leva tempo traballando na planificación desta enerxía renovable e sostible. Así, foron nacemento proxectos, facéndose investigación para aplicar correctamente as técnicas máis axeitadas e abríndose as primeiras plantas de co-dixestión para a produción de biogás.

En 2015 celebrouse na Escola Galega de Administración Pública a *“I Xornada de Biogás en Galicia”*. Recentemente, o Director Xeral de Minas, pertencente á Consellería de Economía, Emprego e Industria, participou no Seminario *“O Biogás en Galicia”*, no que arredor dun cento de profesionais do sector analizaron as vantaxes que ofrece esta fonte de enerxía.

Na inauguración, Ángel Bernardo Tahoces falou de seguir a explorar as potencialidades desta fonte enerxética e de que a Consellería de Economía, Emprego e Industria xa estaba a impulsar un intenso traballo a través do desenvolvemento de distintos proxectos e que se estaba elaborando un estudo do potencial de valorización dos

residuos agrogandeiros, do seu impacto económico e dunha “folla de ruta” para a implantación destas tecnoloxías.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as previsións sobre as posibilidades de produción de biogás e do seu impacto na economía galega?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

Hipólito Fariñas Sobrino na data 08/03/2016 16:51:14

Pedro Manuel Arias Veira na data 08/03/2016 16:51:23

Moisés Blanco Paradelo na data 08/03/2016 16:51:41

Berta Pérez Hernández na data 08/03/2016 16:51:49

Cristina Isabel Romero Fernández na data 08/03/2016 16:51:58

Jose Francisco Santos Regueiro na data 08/03/2016 16:52:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/03/2016 16:52:17

Gonzalo Trenor Lopez na data 08/03/2016 16:52:27

A Mesa do Parlamento

Hipólito Fariñas Sobrino, Pedro M. Arias Veira, Moisés Blanco Paradelo, Berta Pérez Hernández, Cristina Romero Fernández, Francisco Santos Regueiro, Miguel Tellado Filgueira e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

As Directivas europeas levan anos aprobando diversa normativa que ten por obxecto a eficiencia enerxética, tanto no ámbito privado coma destinada ás administracións públicas.

Na mesma liña, a Xunta de Galicia, aparte de cumprir os compromisos propios das súas competencias, puxo en marcha unha liña de apoios para o aforro e a mellora da eficiencia enerxética nas entidades locais, que permita a redución da factura ata un 50%. con isto tamén se contribúe á mellora da situación económica dos concellos.

Eficiencia enerxética nas propias instalacións municipais, pero tamén e fundamentalmente nos alumeados públicos, co que non só se axudará a diminuír os gastos senón tamén á menor necesidade de enerxía xerada e a contribuír a redución das emisións de CO₂ e ao coidado do medio físico, facendo cidades ambientalmente sostibles.

Por outra banda, vemos as publicacións de programación de actuacións, de axudas e liñas de subvencións para contribuír á promoción de enerxías limpas como a biomasa, a xeotermia ou a aerotermia, polas que o goberno galego está a facer unha aposta decidida, a renovación de instalacións e de unidades lumínicas.

Unha aposta que se complementa co asesoramento enerxético de carácter transversal que presta o INEGA aos concellos, de cara á achega de ferramentas prácticas coma o optimizador de facturación ou solución de dúbidas.

Sabendo que esta política que xira arredor da mellora da eficiencia enerxética nos concellos comezou hai 7 anos, é polo que os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o impacto das políticas de eficiencia enerxética desenvolvida pola Xunta de Galicia coas administracións locais e o balance de resultados obtidos polos concellos froito desta programación enerxética?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

Hipólito Fariñas Sobrino na data 08/03/2016 16:54:49

Pedro Manuel Arias Veira na data 08/03/2016 16:54:57

Moisés Blanco Paradelo na data 08/03/2016 16:55:04

Berta Pérez Hernández na data 08/03/2016 16:55:11

Cristina Isabel Romero Fernández na data 08/03/2016 16:55:19

Jose Francisco Santos Regueiro na data 08/03/2016 16:55:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/03/2016 16:55:33

Gonzalo Trenor Lopez na data 08/03/2016 16:55:41

A Mesa do Parlamento

Hipólito Fariñas Sobrino, Pedro M. Arias Veira, Moisés Blanco Paradelo, Berta Pérez Hernández, Cristina Romero Fernández, Francisco Santos Regueiro, Miguel Tellado Filgueira e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Desde que o Goberno de Alberto Núñez Feijoo chegou á Xunta de Galicia, a Educación, a Formación e o Emprego dos máis novos foron dúas das parcelas de máis importantes na súa acción.

Elaboradas as análises de moitas das variables que incidían en ambos departamentos, púidose constatar que os datos eran alarmantes no referente ao desemprego, á cualificación dunha grande parte das persoas mozas, ao nivel de adecuación da formación ou ao baixo impacto da investigación e a innovación, a pesar do incremento do gasto público dos últimos anos, quedando en evidencia a realidade de que o progreso e a mellora dos resultados non é exclusivamente unha cuestión de gastar máis, senón de gastar ben e de adoptar as medidas adecuadas.

Os niveis de fracaso escolar eran insoportables e a conexión universidade-empresa era unha pura quimera.

Desde entón foron moitas as accións, plans e convenios que o goberno galego puxo en marcha para tratar de mellorar o escenario. Lograr unha máis axeitada formación, introducir a calidade na educación, dotar dun marco estable e de excelencia á investigación universitaria e impulsar o papel dos centros tecnolóxicos son liñas estratéxicas que se seguen a traballar tanto desde o departamento de Industria e Emprego como desde o de Educación.

I2C, RIS3, Industria 4.0, ReAcciona, Conectapeme, Interconecta... son termos que hoxe empregan os galegos con soltura cando se trata de falar sobre a potenciación do labor investigador ou do papel que o tecido industrial ou a pequena e mediana empresa xogan á hora de dar protagonismo ao talento e o coñecemento.

O labor da administración e de institucións como as tres universidades galegas debe ser o de dotar á sociedade galega das sinerxías que sirvan de panca aos galegos para estimular a súa creatividade á hora de impulsar un desenvolvemento económico que se transforme en iniciativas xeradoras de emprego e na mellora da sociedade.

A cualificación continua dos formadores en todas as etapas e o acompañamento aos investigadores para conformar un ecosistema propicio no que desenvolver os seus proxectos ten que ser un eixo da acción de calquera goberno.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance que pode facer a Consellería de Economía, Emprego e Industria das accións desenvolvidas en apoio ao sector da investigación, á innovación e á conexión do tecido empresarial coas Universidades e os centros de coñecemento galegos?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

Hipólito Fariñas Sobrino na data 08/03/2016 18:07:56

Pedro Manuel Arias Veira na data 08/03/2016 18:08:05

Moisés Blanco Paradelo na data 08/03/2016 18:08:12

Berta Pérez Hernández na data 08/03/2016 18:08:19

Cristina Isabel Romero Fernández na data 08/03/2016 18:08:29

Jose Francisco Santos Regueiro na data 08/03/2016 18:08:37

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/03/2016 18:08:45

Gonzalo Trenor Lopez na data 08/03/2016 18:08:54

A Mesa do Parlamento

Hipólito Fariñas Sobrino, Pedro M. Arias Veira, Moisés Blanco Paradelo, Berta Pérez Hernández, Cristina Romero Fernández, Francisco Santos Regueiro, Miguel Tellado Filgueira e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

As sociedades desenvolvidas e con un axeitado nivel de emprego dispoñen dun tecido empresarial sólido que oferta a ampla maioría dos postos de traballo. A nosa forma de entender o mercado laboral baséase na máxima de que o emprego créano as empresas, e as administracións teñen que proporcionarlle á sociedade o marco favorable e os instrumentos necesarios para poder crealas.

Esa necesidade de que as administracións aporten medidas específicas veu acentuándose nos últimos tempos debido ao alarmante descenso do número de empresas presentes no noso país. A falta de recursos obrigaba a acertar nas decisións que se tomaron e ser eficaces na distribución dos recursos para conseguir que os proxectos que se sacaran á luz se consolidaran de forma equilibrada.

Con este fin, xa en 2013, recolleuse esta estratexia na Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia. Con ela, e con outros instrumentos que están a funcionar, trátase de apoiar e incentivar a iniciativa de persoas e empresas para que os propios galegos poidan interpretar e protagonizar o despegue económico de Galicia.

O IGAPE interpreta un papel clave á hora de poñer a disposición dos emprendedores os programas, plans e iniciativas que catalicen e reorienten o despegue da nosa economía co fin de que sirvan de soporte para a creación-consolidación de empresas que poñan os postos de traballo ao dispor dos galegos e galegas.

Con tal fin, desenvolve diferentes accións, tanto directamente coma en convenios ou colaboracións con administracións locais, asociacións profesionais e universidade ou en proxectos transversais con outras consellerías.



Un destes programas que está a convocarse cada ano é o “Galicia Emprende”, que te como obxectivo promover o espírito empresarial e facilitar o aproveitamento económico de novas ideas, así como fomentar a creación de novas pequenas e medianas empresas. Neste programa ampáranse proxectos e ideas dos concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, concellos da Costa da Morte, concellos da provincia de Lugo e concellos da provincia de Ourense.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración pode facer a Consellería de Economía, Emprego e Industria do impacto que obtivo “Galicia Emprende” sobre os efectos de creación e consolidación de proxectos xeradores de emprego en Galicia?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

Hipólito Fariñas Sobrino na data 08/03/2016 18:10:55

Pedro Manuel Arias Veira na data 08/03/2016 18:11:03

Moisés Blanco Paradelo na data 08/03/2016 18:11:11

Berta Pérez Hernández na data 08/03/2016 18:11:18

Cristina Isabel Romero Fernández na data 08/03/2016 18:11:26

Jose Francisco Santos Regueiro na data 08/03/2016 18:11:34

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/03/2016 18:11:40

Gonzalo Trenor Lopez na data 08/03/2016 18:11:50

A Mesa do Parlamento

Hipólito Fariñas Sobrino, Pedro M. Arias Veira, Moisés Blanco Paradelo, Berta Pérez Hernández, Cristina Romero Fernández, Francisco Santos Regueiro, Miguel Tellado Filgueira e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Durante os anos de crise e recesión económica, todos os sectores viron como descendía a súa actividade ata mínimos históricos.

O Goberno galego, ante unha situación na que había que ser áxiles, certos e serios, fixo unha diagnose da situación do potencial real propio e dos sectores que estaban en situación de potencial crecemento ante os novos escenarios que se definían a nivel local, nacional e internacional.

Ser quen de “vender” fóra as potencialidades galegas foi, e segue a ser, un obxectivo irrenunciable da acción do departamento de Economía, Emprego e Industria. Rescatar a iniciativa dos piares estratéxicos do sector industrial é o eixo sobre o que basearon as medidas e decisións da apoio e incentivo tanto ao téxtil como ao resto de sectores habitualmente punteiros. É o caso do naval, da automoción, da industria química, da alimentación ou dos bens de equipo.

Aos bos datos de produción industrial que se veñen dando de forma sostida nestes sectores, hai que sumar os doutros emerxentes incluídos na Estratexia do Goberno galego como a tecnoloxía, a aeronáutica, as enerxías renovables (biomasa, xeotermia...) ou a biotecnoloxía.

O impulso dado pola Xunta e o compromiso dos propios sectores apoiados na planificación da “Competitividade Industrial Galicia Industria 4.0”, fixo posible que o crecemento da produción industrial de Galicia mesmo liderara moitos exercicios parciais a produción industrial española, ata colocarnos nun lugar de vangarda.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance que pode ofrecer a Consellería de Economía, Emprego e Industria das estratexias de impulso dos sectores industriais, así como os resultados obtidos por eles para a mellora da produción industrial galega?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

Hipólito Fariñas Sobrino na data 08/03/2016 18:13:49

Pedro Manuel Arias Veira na data 08/03/2016 18:13:56

Moisés Blanco Paradelo na data 08/03/2016 18:14:03

Berta Pérez Hernández na data 08/03/2016 18:14:10

Cristina Isabel Romero Fernández na data 08/03/2016 18:14:18

Jose Francisco Santos Regueiro na data 08/03/2016 18:14:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/03/2016 18:14:33

Gonzalo Trenor Lopez na data 08/03/2016 18:14:42

A Mesa do Parlamento

Hipólito Fariñas Sobrino, Pedro M. Arias Veira, Moisés Blanco Paradelo, Berta Pérez Hernández, Cristina Romero Fernández, Francisco Santos Regueiro, Miguel Tellado Filgueira e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

JEREMIE, é unha iniciativa da Comisión Europea desenvolvida xunto co Fondo Europeo de Investimentos. A súa finalidade é promover o uso de instrumentos de enxeñaría financeira para mellorar o acceso das PEMES ao financiamento a través das intervencións dos Fondos Estruturais.

Esta iniciativa permite utilizar parte dos Fondos Estruturais europeos asignados para investir en instrumentos reembolsables como fondos de capital risco, de préstamo ou de garantía.

Segundo as súas bases, son axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas a proxectos que acrediten viabilidade técnica, económica, financeira e, no seu caso, ambiental así como que estean dirixidos a creación de novos establecementos, á ampliación dun xa existente, á diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio esencial no proceso xeral de produción dun establecemento existente.

Estes préstamos, cofinanciados con fondos Feder, poden afrontarse tanto os activos fixos materiais asociados ao proxecto de inversión –terreos, obra civil, adquisición de inmoables, bens de equipamento ou mobiliarios– como os activos intanxibles necesarios: aplicacións informáticas, propiedade intelectual e industrial, licencias de fabricación ou gastos en I+D ligados a proxectos de innovación tecnolóxica.

Sabemos que o IGAPE estableceu este ano uns criterios internos obxectivos que permiten restrinxir o importe máximo dos préstamos naqueles proxectos con menor puntuación, co fin de permitir realizar un reparto máis equitativo, diversificar o risco e favorecer aos proxectos de menor dimensión.

Noutras convocatorias téñense mellorado as condicións dos prazos de amortización ou a rebaixa de intereses, aumentado o importe máximo e rebaixando o mínimo a solicitar para poder chegar a un maior número de proxectos.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2016 18:25
Nº Rexistro: 48207
Data envío: 08/03/2016 18:25:38.816

Sen dúbida, JEREMIE é unha iniciativa que entra en concordancia coas políticas deseñadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para impulso das posibilidades do sector produtivo galego e da súa internacionalización, do tipo da *“Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0”*,

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia dos resultados obtidos despois das distintas convocatorias do “Proxecto Jeremie” e das expectativas para 2016?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

Hipólito Fariñas Sobrino na data 08/03/2016 18:16:40

Pedro Manuel Arias Veira na data 08/03/2016 18:16:49

Moisés Blanco Paradelo na data 08/03/2016 18:16:57

Berta Pérez Hernández na data 08/03/2016 18:17:04

Cristina Isabel Romero Fernández na data 08/03/2016 18:17:12

Jose Francisco Santos Regueiro na data 08/03/2016 18:17:18

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/03/2016 18:17:26

Gonzalo Trenor Lopez na data 08/03/2016 18:17:36

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

Hipólito Fariñas Sobrino, Pedro M. Arias Veira, Moisés Blanco Paradelo, Berta Pérez Hernández, Cristina Romero Fernández, Francisco Santos Regueiro, Miguel Tellado Filgueira e Gonzalo Trenor, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Converter o incremento das exportacións e a progresiva internacionalización das empresas galegas no motor do emprego e do crecemento da actividade empresarial en Galicia para consolidar a recuperación da economía. Este é un dos obxectivos prioritarios da política económica impulsada pola Xunta durante os últimos anos, a través da consellería de Economía, Emprego e Industria.

Desde 2009 comezou a intensificarse, a través do Instituto Galego de Promoción Económica, o esforzo nese sentido, habilitando servizos de apoio, tanto en orixe como en destino, e liñas de axuda mellor dotadas para facilitar a presenza das empresas galegas en eventos expositivos internacionais, para apoialas na contratación de expertos en comercio exterior ou para facilitar a súa implantación comercial en mercados internacionais mediante programas como o Primex.

O esforzo para intensificar a proxección internacional das empresas galegas tomou forma definitiva na Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020 que se aprobou a comezos do pasado ano, e que organiza e estrutura as accións a seguir para acadar obxectivos tan ambiciosos como mellorar o peso das exportacións no PIB de xeito significativo, ata o 40%, incrementando as exportacións e as empresas exportadoras nun 25%.

A Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020 inclúe eixos de actuación centrados en promover unha cultura da internacionalización, incrementar a presenza das pemes en mercados internacionais, atraer investimentos cara a Galicia, consolidar a imaxe de Galicia no exterior e cooperar desde a unidade de acción cos axentes, pemes e entidades financeiras para seguir avanzando nos mercados internacionais.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance que pode adiantar a Consellería de Economía, Emprego e Industria do impacto na economía galega das medidas da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

Hipólito Fariñas Sobrino na data 08/03/2016 18:19:36

Pedro Manuel Arias Veira na data 08/03/2016 18:19:44

Moisés Blanco Paradelo na data 08/03/2016 18:19:53

Berta Pérez Hernández na data 08/03/2016 18:20:00

Cristina Isabel Romero Fernández na data 08/03/2016 18:20:07

Jose Francisco Santos Regueiro na data 08/03/2016 18:20:14

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/03/2016 18:20:19

Gonzalo Trenor Lopez na data 08/03/2016 18:20:27



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Eva Solla Fernández** e os deputados **Xabier Ron Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García e Ramón Vázquez Díaz**, integrantes do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión V**, para a recuperación do emprego destruído na sanidade pública.

De xeito unitario, todas as forzas sindicais con representación na sanidade pública mobilízanse outra vez nestes días para reclamar unha oferta de emprego público suficiente para garantir a adecuada atención na sanidade pública. Alternativa Galega de Esquerda quere manifestar o seu pleno apoio a estas mobilizacións, encaminadas a chamar a atención da cidadanía sobre a falta estrutural de persoal no sistema sanitario público galego que propician as políticas privatizadoras e de recortes que leva poñendo en marcha o aciago septenio de goberno Núñez Feijóo.

A oferta pública de emprego do SERGAS, neste ano electoral, componse de 818 prazas, claramente inferiores ao redor das tres mil destruídas nestes anos de goberno do PP.

Os datos concluíntes da Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública e dos sindicatos arrojan as seguintes cifras:

-Destrución de 1.795 prazas na sanidade pública, 1.154 na Atención Primaria e 641 de carácter hospitalario.

-A perda dende 2011 de 761 prazas de médicas e médicos, de 514 prazas de enfermería e de 547 de auxiliares de enfermería, 1.121 prazas de persoal non sanitario.

A Xunta de Núñez Feijóo reduciu a partida de gastos de persoal do 43,1% en 2009 ao 34,5% actual, un cuarto por baixo da media estatal. No exercicio pasado, o economicismo do PP fixo de Galicia a comunidade cun maior recorte nos gastos de persoal, un 30,6% (a media do Estado foi dunha caída do 7,9%). Non foi alleo a esta situación as taxas de reposición do 10% e 50% que castigaron nestes anos á sanidade pública galega.

A redución continuada de persoal non se compensa coa convocatoria episódica de prazas en ano electoral. A asistencia sanitaria no noso país descansa hoxendía no compromiso e responsabilidade exemplar do persoal e do seu extenuante sobreesforzo laboral para colmar as carencias e insuficiencia de plantilla que provocan as políticas de recortes no SERGAS.

Menos persoal supón tanto un prexuízo para a persoa usuaria da sanidade pública cando unha oportunidade de negocio para a sanidade privada, verdadeira prioridade da Xunta de Núñez Feijóo.

Menos persoal e máis precario como se desprende da tolemia que representan os máis de cen mil contratos por días asinados en 2014, ao encadenamento das substitucións, ou a mala praxe de non vencellar o contrato coa motivación que o xera.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Vai rectificar a Xunta e a convocar unha oferta pública de emprego que cubra o 100% das prazas vacantes dende 2009?
- Contempla a Xunta acordar cos sindicatos de clase unha orde de vínculos que obrigue ao SERGAS a contratar pola causa que motiva a devandita contratación?

En Compostela, a 8 de marzo do 2016, día internacional da Muller Traballadora.

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/03/2016 09:24:42

Jose Javier Ron Fernandez na data 09/03/2016 09:24:49

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 09/03/2016 09:24:55

Anton Sánchez García na data 09/03/2016 09:24:57

Ramón Vázquez Díaz na data 09/03/2016 09:24:59

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 09/03/2016 09:25:01


Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Son debatidas con frecuencia neste Parlamento, distintas demandas sobre a insuficiencia de prazas nos Centros públicos de ensino, o deterioro das súas infraestruturas, a falta de profesorado... en definitiva, a falta de planificación da Administración Educativa para adiantarse e poñer os medios necesarios para impartir unha educación de calidade.

Ademais, a evolución demográfica de certas áreas de forte expansión urbanística preto das cidades proveedoras de traballo como Santiago de Compostela, Vigo ou A Coruña, abonda na necesidade de dotar estas áreas de servizos ou ampliar os existentes para absorber os incrementos demográficos.

É responsabilidade da Administración educativa planificar as necesidades de equipamento e de profesorado en tempo e forma, así como velar polo mantemento das infraestruturas e a súa calidade. Asemade, a Administración debe adoptar solucións que garantan a conciliación familiar e a escolarización dos nenos e nenas na súa contorna vital.



Polo exposto formúlanse as seguintes **Preguntas** para o seu debate en **Comisión**:

- Ten a Xunta de Galicia estudos para planificar e prever unha oferta de prazas axeitada en anos vindeiros nos distintos Centros Públicos de Ensino, sobre todo en áreas de forte expansión urbanística?
- Ten a Xunta de Galicia estudos que recollan as insuficiencias, deterioro e necesidades das infraestruturas dos centros escolares públicos en Galiza e cales son os plans para emendalas?

Santiago de Compostela, 09 de marzo de 2016


Asdo.:

Carmen Iglesias Sueiro

Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 09/03/2016 10:51:18



Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.


Consuelo Martínez García e Mónica Fernández Rodríguez, deputadas do **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

Ao menos unhas 2.000 persoas propietarias con orde de derribo en curso en Galicia loitan nos tribunais para tratar de suspender a demolición das súas vivendas. Pero son moitas máis as que ven ameazadas as súas vivendas construídas sen licenza en solo rústico.

As persoas afectadas solicitaron á Consellería de Medio Ambiente unha moratoria para os inmobles con expediente de reposición aberto ata que os concellos aproben os seus respectivos plans de ordenación municipal. Pero a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) considera que esta medida é ilegal, aceptando unicamente paralizar os derrubamentos das vivendas que teña posibilidades de legalización a curto prazo, é dicir, aquelas afectadas por un plan urbanístico que se aprobe no primeiro semestre do ano.

Esta “xenerosidade” da APLU non é máis que propaganda, xa que ningún plan urbanístico en tramitación será aprobado en 3 meses e moitos concellos nin sequera iniciaron a tramitación do mesmo.

Porque aquí tamén hai responsabilidade directa da APLU, entidade creada en 2008 para protexer a legalidade urbanística, que ten como éxito da súa actuación que tan só 84 concellos (o 27% do total en Galicia) teñen o seu plan adaptado a la normativa de 2002. 173 concellos (o 55% do total) inda non adaptaron o seu regulamento á Lei de 2002. Os restantes 56 concellos carecen de planeamento e réxense por normas obsoletas.



Máis de 2.000 persoas propietarias de vivendas construídas hai anos en solo rústico teñen un expediente de reposición aberto e esperan que os seus concellos aproben en breve o seu plan xeral antes de que a APLU derrube os seus fogares.


Una vez ditada a orden de derribo a única solución é la vía xudicial e asumir as sucesivas multas coercitivas que impón a Administración e que van dos 1.000 aos 10.000 euros. Pero quen pode asumir os custes recorre a esta vía porque a súa tramitación nos tribunais pode superar os dez anos.

Ademais a nova Lei do Solo recoñecerá os inmobles aos que a Administración non teña aberto expediente de reposición en seis años, quedando a edificación fora de ordenación e permitirá que pasen a dentro de ordenación.

Estamos pois falando de miles de persoas en Galiza que están a punto de perder os seus fogares porque a APLU entende que pode esperar 10 ou máis anos para derrubar unha edificación cando é froito de dilacións provocadas nas actuacións xudiciais, pero non pode esperar a que se aproben os respectivos PXOMs dos concellos para derrubar miles de vivendas de xente humilde que non pode facer fronte aos custes que leva aparelados a vía xudicial.

Polo exposto, formúlanse as seguintes **Preguntas** para a súa resposta oral en **Comisión**:

1. Reuniuse cos concellos para estudar unha solución a este problema que garanta a paralización do derrubamento de calquera vivenda que sexa legalizable coa aprobación do PXOM?
2. Considera a Xunta a posibilidade de propoñer un proxecto de Lei de modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia pola vía de urxencia para dar solución a este sen sentido?
3. Por que a APLU non pode esperar a que se aprobe un PXOM para derrubar unha vivenda, pero non ten problema en non actuar cando ten



sentenza firme de derrubo pero este afecta a grandes edificacións ou determinados intereses económicos ou políticos?

Pazo do Parlamento, a 09 de marzo de 2016


Asdo.: Consuelo Martínez García
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 09/03/2016 11:53:08

Mónica Fernández Rodríguez na data 09/03/2016 11:53:15





Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Xabier Ron Fernández, Juan Manuel Fajardo Recousó, Ramón Vázquez Díaz,** e a deputada **Eva Solla Fernández,** membros do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA),** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión VII,**

Varias comunidades de montes veciñais en man común dos Ancares téñennos trasladado o seu malestar por varias cuestións que teñen que ver coas súas relacións coa Consellería.

As comunidades pertencentes aos concellos de Navia de Suarna, Becerreá, Pedrafita do Cebreiro e Cervantes denuncian unha absoluta falta de diálogo entre a Consellería e a veciñanza, a realización de obras de infraestruturas de xeito unilateral por parte da administración, danos ao patrimonio debido a ditas obras, problemas coa resolución dos convenios e cos deslindes.

Cóstanos que ese malestar foi trasladado ao Secretario Xeral de Medio Rural.

Estes problemas de falla de sintonía afectan directamente á vida da veciñanza e reducen as posibilidades dun desenvolvemento económico maior da zona.

Por todo esto o Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta oral para a súa resposta oral en comisión:

- Cónstalle á Xunta o malestar de ditas comunidades de montes veciñais?
- Iniciouse algunha medida para solventar ditos problemas?
- Considera axeitada a xestión que se está a facer dende a Consellería, nomeadamente na realización de infraestruturas e na conservación do patrimonio arqueolóxico?

En Compostela, a 9 de marzo do 2016.

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 09/03/2016 13:19:04

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 09/03/2016 13:19:13

Eva Solla Fernández na data 09/03/2016 13:19:15

Ramón Vázquez Díaz na data 09/03/2016 13:19:20



Juan Manuel Fajardo Recouso na data 09/03/2016 13:19:22

Jose Javier Ron Fernandez na data 09/03/2016 13:19:24



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, membros do **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á falta de transparencia na contratación pública.

Fai públicos a Xunta, no portal de transparencia, datos sobre a contratación pública no exercicio 2014. Dos datos publicados se desprende que a Xunta de Galicia adxudicou contratos por importe de 644 millóns de euros (52,6% do total contratado, que supuxo 1.235 millóns de euros) polo procedemento negociado.

Esta modalidade de contratación, a negociada, normalmente faise sen publicidade. O portal de transparencia da Xunta non informa sobre este extremo.

Polo referido, o grupo parlamentario formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- Que motivos levan a Xunta a non informar acerca da publicidade ou non das contratacións polo procedemento negociado?
- Contempla a Xunta subsanar esta eiva informativa e en que prazo?
- Cal é a relación dos contratos e o monto económico total das contratacións negociadas en 2014 sen publicidade?

En Compostela, a 9 de marzo do 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 09/03/2016 14:22:33

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 09/03/2016 14:22:38

Eva Solla Fernández na data 09/03/2016 14:22:40

Anton Sánchez García na data 09/03/2016 14:22:44

Ramón Vázquez Díaz na data 09/03/2016 14:22:46

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 09/03/2016 14:22:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Antón Sánchez Garcia e Xosé M. Beiras Torrado deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

Nos vindeiros días remata o prazo establecido por Portos de Galicia para presentar as solicitudes perante o ente público, para solicitar a utilización dos espazos portuarios para a realización de actividades diferentes as propias do porto, tal como poden ser a celebración de eventos lúdicos e culturais. Esta decisión conleva a necesidade de que os solicitantes depositen un aval ou fianza que en moitos casos pode por en risco a celebración destas actividades, son moitas as celebracións afectadas por esta decisión, que non se sustenta en ningún criterio sostible, xa que o ingreso que suporá para a entidade non é significativa pero si para aquelas entidades organizadoras destes eventos, que en moitos casos poden non realizarse tanto polo propio aval como polos prazos.

Dende AGE entendemos que esta decisión é un auténtico sin sentido, que pon en risco celebracións fundamentais para a vida social do país, como a festa do albariño, da ameixa, do marisco, do mexillón, ou festivais senlleiros como as Revenidas, cando moitos destes espazos foron gañados ao mar mediante recheos que afectaron aos pobos que os ocupan, sen que reciban contraprestación mais ala da afección urbanística e paisaxística, para que agora o ente público utilice de xeito “case privado” estes espazos fora das

necesidade sociais dos entornos que os ocupan, cando ademais o crecemento destes portos mermou os espazos sociais dos barrios e vilas colindantes.

Polo exposto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta en Comisión:

Que xustificación ten o goberno para tomar esta decisión que non ten ningunha sustentabilidade nin social nin económica?

Ten previsto o Goberno revocar esta decisión co obxectivo de facilitar o uso dos espazos portuarios galegos as persoas, colectivos, barrios vilas e cidades que o soportan?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 09/03/2016 17:14:24

Anton Sánchez García na data 09/03/2016 17:14:32

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 09/03/2016 17:14:38

Ramón Vázquez Díaz na data 09/03/2016 17:14:41

Jose Javier Ron Fernandez na data 09/03/2016 17:14:44

Eva Solla Fernández na data 09/03/2016 17:14:51

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Isabel García Pacín, Vidal Martínez-Sierra López, Rosa Oubiña Solla, Miguel Prado Patiño, Moisés Blanco Paradelo e Angel Camino Copa, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

As comunidades de montes veciñais en man común están a obter ingresos periódicos polo aproveitamento dos seus recursos e actividades. A primeira Lei de Montes de Galicia establece que unha parte ou porcentaxe deses ingresos -cunha cota mínima do 40%- sexan reinvestidos en actuacións para a posta en valor dos seus propios montes.

Para desenvolver esta obriga legal o Consello da Xunta vén de aprobar o Decreto polo que regula esta previsión de reinvestimento que ten como finalidade principal mellorar e protexer o monte, co fin de asegurar a súa sustentabilidade no tempo e o seu carácter multifuncional.

Para entender a importancia e magnitude desta medida cómpre lembrar que Galicia ten máis de 3.000 comunidades de montes veciñais en man común, compostas por máis de 150.000 galegas e galegos que posúen a condición de veciños comuneiros.

Falamos dunhas 660.000 hectáreas, é dicir, que o 33% da superficie total de Galicia ten a natureza de monte veciñal en man común.

Atopámonos distintas casuísticas en función dos aproveitamentos dos diferentes recursos que produce o monte (pasto, biomasa, madeira, castañas, cogomelos...) ou das diferentes actividades e usos existentes (producción eólica, actividade extractiva, vitivinícola, sociorrecreativa, etc.).

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cales son as principais novidades incluídas neste novo Decreto que regula a previsión de reinvestimentos?
- 2.- Que actuacións concretas establece esta norma naqueles casos no que os ingresos proceden de produtos resultantes de incendios forestais, pragas ou temporais?



- 3.- Tendo en conta que en materia forestal hai que acompañar a normativa á realidade existe algunha previsión que habilite ás CMVMC a ver autorizada unha ampliación nos prazos de reinvestimentos? De ser así, ¿en que circunstancias? ¿Con que requisitos?
- 4.- Que valoración fai o Goberno galego desta norma e da súa incidencia en materia de protección e mellora do monte?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 09/03/2016 17:21:28

María Isabel García Pacín na data 09/03/2016 17:21:37

Vidal Martínez-Sierra López na data 09/03/2016 17:21:46

Rosa Oubiña Solla na data 09/03/2016 17:21:54

Jesús Miguel Prado Patiño na data 09/03/2016 17:22:00

Moisés Blanco Paradelo na data 09/03/2016 17:22:12

Angel Camino Copa na data 09/03/2016 17:22:26


Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Algunhas marcas comerciais discriminan produtos que teñen o mesmo custe de produción, cargando cun sobreprezo os que van dirixidos ao público feminino diferenciándose exclusivamente por cuestións puramente estéticas. Este sobreprezo é coñecido como “Taxa Rosa” e dáse en produtos como coitelas de afeitar, desodorizantes, xampús, bolígrafos, roupa de nenas, produtos infantís, xoguetes etc... onde o mesmo produto diferenciase por xénero coa única diferenza de ser de cor rosa ou de cor azul, e no que pode haber ata unha diferenza de 20 céntimos mais na unidade rosa.

Compre denunciar esta técnica comercial que, na práctica, constitúe un abuso inxustificable, agora por parte do mercado, que volve ter como vítima á muller cargándoa cun gravame de xénero.

Por tanto, é responsabilidade da administración acabar con estas prácticas abusivas por parte de certas marcas e establecementos, para protexer á poboación feminina máis castigada pola crise, que sofre maior taxa de desemprego, peores condicións laborais, e unha brecha salarial que xa é do 23,3% en Galiza.



Non se trata de un problema menor xa que este sobreprezo nos produtos destinados especificamente ás mulleres pode chegar a supoñer máis de 1.000 € ao ano de desembolso adicional.

Polo exposto formúlanse as seguinte **Preguntas** para a súa resposta oral en **Comisión**:

1. Ten a Xunta de Galicia algún plan ou medida para controlar e eliminar taxas e sobreprezos de produtos en función do xénero?
2. Coñece a Xunta de Galicia a incidencia en Galicia da denominada “taxa rosa” e as súas repercusións nas consumidoras galegas?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2016


Asdo.:

Carmen Iglesias Sueiro

Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 10/03/2016 10:35:10



Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.


O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Os topónimos son sinais históricas, culturais e referentes da identidade colectiva de Galicia. A UNESCO considéraos patrimonio inmaterial dos pobos e a lexislación galega tamén está a recoñecer o seu valor patrimonial outorgándolle unha protección legal específica na nova Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, actualmente en tramitación.

Por outra banda, a lei 3/1983 do 15 de xuño de normalización lingüística no seu artigo 10 sinala que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega, correspondéndolle á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais.

Porén, en moitos documentos oficiais non se respecta a toponimia galega constando os enderezos achegados polas persoas solicitantes ou propietarias sen ningunha comprobación por parte da Administración. O caso máis singular é o dos Documentos Nacionais de Identidade podendo aparecer rexistrados topónimos inexistentes ou deturpados, así como nomes de rúa non oficiais ou a toponimia rural esnaquizada.

Non deberían constar, sen mais, os nomes que os propios solicitantes escriban sen ser comprobados pola administración para non continuar arrastrando durante décadas os erros de transcripción, como ocorre agora. Máxime cando a



Xunta conta cunha páxina web de uso público e oficial, <http://www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator>, para comprobar e corrixir os nomes oficiais galegos.

Polo exposto formúlase a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**:

- Ten intención a Xunta de Galicia de esixir ao Goberno Central que realice un uso correcto nos documentos oficiais expedidos da toponimia oficial galega, nomeadamente nos Documentos Nacionais de Identidade, comprobando que o consignado polo solicitante existe e é correcto?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2016


Asdo.:

Carmen Iglesias Sueiro

Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 10/03/2016 11:51:31



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Alvarez e María de los Ángeles Ferreiro Vidarte, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

En pasados días, un grupo de persoas de Monforte de Lemos dirixíronse ao Grupo Parlamentario Socialista para solicitar a nosa colaboración a respecto dunha situación que ten a ver co Hospital Comarcal da citada cidade lucense.

Comentáronos as ditas persoas que en outubro de 2002, sendo alcalde da cidade de Monforte D. Nazario Pin Fernández, o Pleno da Corporación Municipal de Monforte adoptou por unanimidade o acordo de dar o nome do prestixioso oftalmólogo galego D. Julián García Sánchez ao devandito hospital.

Atopamos mesmo constancia, “mergullando na hemeroteca” da época, dun acto oficial, no que estiveron presentes o Sr alcalde da cidade naquela época, o Sr delegado de Sanidade de Lugo, a delegada de Servizos Sociais do Concello e o propio interesado D. Julián García Sánchez, diante das instalacións hospitalarias para colocar unha placa na fachada do edificio, placa que aínda é conservada a día de hoxe, tal e como puidemos comprobar en pasados días.

Co fin de saber que sucedeu exactamente con aquel acordo da corporación municipal monfortina, e ante a petición formulada por ese grupo de veciños e veciñas da cidade de Monforte, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

1ª) Ten constancia oficial a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia dese acordo da Corporación Municipal de Monforte de Lemos de outubro de 2002, no seu caso, e de ser a resposta afirmativa, que foi del?



Grupo Parlamentario

2ª) Cal é realmente, a día de hoxe, o nome oficial do Hospital Comarcal de Monforte: Hospital Comarcal de Monforte ou Hospital Comarcal de Monforte doutor Julián García?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 10/03/2016 13:43:58

María del Carmen Acuña do Campo na data 10/03/2016 13:44:16

Carmen Gallego Calvar na data 10/03/2016 13:44:23

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 10/03/2016 13:44:43

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 10/03/2016 13:44:54

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Emilio Vázquez Blanco, Ricardo Vicente Docasar Docasar e María Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Xunta de Galicia anunciou que asumirá, de forma interina, a dirección da Fundación Camilo José Cela a través da Secretaría Xeral de Cultura, tras producirse a renuncia da, até o de agora, directora xerente en funcións, Covadonga Rodríguez. Renuncia que se produce, segundo declara a Consellería de Cultura, “para preparar mellor a súa defensa no procedemento que se segue no xulgado número 2 de Padrón, por presuntas irregularidades na xestión económica da entidade.”

Tal e como afirma o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, “o importante é que a actividade cultural da entidade se manteña” e garanta a xestión dos actos previstos para conmemorar o centenario do autor.

Covadonga Rodríguez figura como investigada por un presunto delito de malversación de recursos públicos, relacionado co abono dunha indemnización de 150.000 euros, de diñeiro público, ao ex xerente Tomás Cavanna. No marco desta investigación, a xuíz imputou tamén ao ex conselleiro da Xunta de Galicia e ex membro do Consello de Contas, Dositeo Rodríguez, por considerar que o dito despedido foi “simulado e pagado con fondos públicos, sen consentimento das administracións que financiaban a entidade”.

Tamén están sendo investigados nesta causa o conselleiro de Cultura e Turismo por aquel entón, o que hoxe é conselleiro de Facenda; e quen era naquel entón conselleiro de Educación e hoxe alcalde de Ourense.

No mes de xullo de 2010, a Xunta de Galicia incrementou o importe do convenio coa Fundación Camilo José Cela en 230.000 euros para cubrir un plan de viabilidade que incluía a indemnización por despedido de Tomás Cavanna que a xuíz considera que foi simulada baseándose nuns correos electrónicos nos que

Grupo Parlamentario

estarían Dositeo Rodríguez e a súa filla, por aquel entón subdirectora da fundación, e agora ex directora xerente, dada a súa recente dimisión.

Ante esta situación, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a situación que está a atravesar a Fundación Camilo José Cela?

2ª) Como pensa a Xunta de Galicia manter o normal funcionamento desta entidade despois dos acontecementos relatados?

3ª) Que plans ten o Goberno galego en canto o desprestixio e ao restablecemento da normalidade da dita fundación?

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

Emilio Vázquez Blanco na data 10/03/2016 13:55:45

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 10/03/2016 13:55:53

María Concepción Burgo López na data 10/03/2016 13:56:03

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Quintas Alvarez, Raúl Fernández Fernández, Carmen Acuña do Campo, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e José Antonio Sánchez Bugallo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os veciños e veciñas de As Hermidas, no Concello de O Bolo, encóntranse nunha situación de abandono e desentendemento por parte das administracións galegas.

Os veciños e veciñas do barrio das Hermidas sofren as mesmas consecuencias, coa diferenza respecto ao barrio de O Cruceiro, de que estes recollen a auga directamente do río sen máis procedemento para o consumo que o bombeo desde o devandito río ata os domicilios.

O 10 de xaneiro de 2015 enviouse un segundo escrito ao Concello do Bolo, no cal se lle lembraba entre outras cousas que, como xa se puxo no seu coñecemento, designouse unha comisión para negociar por parte da veciñanza do barrio de O Cruceiro Das Ermidas a execución de todas as obras necesarias para que os veciños e veciñas do barrio de O Cruceiro das Hermidas do Concello do Bolo, Ourense, dispoñan de abastecemento de auga potable e saneamento.

A veciñanza en escrito anterior á institución do Valedor do Pobo solicita que reabra o expediente: N.7.Q/22281/14 e investigue a situación que se torna xa insostible dado que existen veciños e veciñas que xa non poden comprala embotellada, véndose obrigados/as ao consumo da que foi declarada non apta para tal fin.

Grupo Parlamentario

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entende que os veciños e veciñas das Hermidas non merecen esta discriminación, e por esta razón as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. En que situación se encontra o abastecemento de auga potable do barrio das Hermidas?
2. A Xunta de Galicia ten coñecemento do estado de salubridade de estas augas que abastecen as Hermidas?
3. Que accións, investigacións ou requirimentos se ten feito dende o Goberno galego para dar solución o abastecemento e potabilización das augas q abastecen as vivendas das Hermidas?

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2016

Asinado dixitalmente por:

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 10/03/2016 14:04:48

Raúl Fernández Fernández na data 10/03/2016 14:04:55

María del Carmen Acuña do Campo na data 10/03/2016 14:05:02

Noela Blanco Rodriguez na data 10/03/2016 14:05:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/03/2016 14:05:17

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/03/2016 14:05:23

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, M^a Soledad Soneira Tajés e do seu deputado **Vicente Docasar Docasar**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Durante os últimos anos, o Goberno galego, incrementou nun 50 % os empregos temporais na administración autonómica. En xullo de 2011 os empregos eventuais na Xunta roldaban os 10.700, catro anos despois son 15.667. Unha variación de 4.979, como recolle o IGE, e sen contar aqueles de formación, que tamén teñen unha duración determinada e que aumentaron un 49,6 %, ata os 1.402.

Unha sentenza xudicial acaba de poñer de novo en entredito a política de contratación da Xunta de Galicia, esta vez no referente ao cadro de persoal do servizo de prevención de incendios forestais que con anterioridade ao 2012 viñan reforzando ao persoal fixo da Xunta durante os meses de verán.

Esta demanda foi como consecuencia do contrato de interinidade que subscribiron os afectados coa Administración autonómica en xullo de fai catro anos. Tras examinar a causa, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, estima que estes 400 traballadores e traballadoras terán que ser considerados como indefinidos descontinuos, xa que a modalidade do contrato que asinaron “nunca podería ser admisible” para quen “veu sendo contratado, ano tras ano, ata o 2012 con contratos temporais claramente fraudulentos”.

Deste xeito, no momento no que asinaron o de interinidade, “a súa condición xa era a de persoal laboral indefinido descontinuo da Xunta”.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguintes preguntas:

 Grupo Parlamentario

1.ª) Que valoración fai o Goberno galego da sentenza que reconece a condición de indefinidos discontinuos a estes traballadores e traballadoras ?

2.ª) Valora a Xunta de Galicia a posibilidade de recorrer esta sentenza?

3ª) Ten previsto o Goberno galego cambiar a política de contratación do persoal da Administración ao seu servizo para reducir a temporalidade?

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Mª Soledad Soneira Tajés

Vicente Docasar Docasar

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 10/03/2016 16:34:24

María Soledad Soneira Tajés na data 10/03/2016 16:34:36

Raúl Fernández Fernández na data 10/03/2016 16:34:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Antón Sánchez García e Xosé M. Beiras Torrado deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

Durante a presente lexislatura o Goberno galego ten sometido ao IGAPE a unha parálise sen precedentes na historia democrática deste país, nun intre onde o financiamento é un dos meirandes problemas do noso tecido empresarial, resulta que o goberno aforca o cano do crédito e aval mediante o ente público, iso si cunha modificación desta tendencia francamente irrelevante durante o 2015 onde se teñen materializado apenas 13 créditos por un importe de 4,3 millóns, todo elo sen evidenciarse unha aposta por unha estratexia concreta dende o executivo, que demostre que cando menos, teñen unha liña de acción para recuperar sectores estratéxicos do país.

Dende logo mais aló dos continuos anuncios de novos proxectos 3.0 e 4.0 aplicables para o goberno as industrias e os traballadores coma mero elemento publicitario, falta unha estratexia definida que priorice sectores, modelos de inversión, produtos. Todo elo debido á inacción dun goberno onde o futuro persoal dos seus líderes condiciona todo, incluso a economía e o benestar dos galegos e galegas.

Polo exposto formulamos a seguinte Pregunta para a súa resposta en Comisión:

Pode explicar o Goberno a situación actual do IGAPE, que criterios se teñen utilizado para outorgar os créditos ou avais e que estratexia persecue o goberno con esta errática liña de acción?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 10/03/2016 17:28:58

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 10/03/2016 17:29:06

Anton Sánchez García na data 10/03/2016 17:29:10

Ramón Vázquez Díaz na data 10/03/2016 17:29:13

Eva Solla Fernández na data 10/03/2016 17:29:16

Jose Javier Ron Fernandez na data 10/03/2016 17:29:19

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recousó, Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, e Xosé M. Beiras Torrado deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

FESAN (Fundación de Estudos e Análises) é unha fundación coa consideración de benéfico-docente e declarada de interese galego. Actúa baixo o protectorado da Consellería Educación a quen presenta contas anualmente.

O seu primeiro presidente foi Jaime Rodríguez Arana, ex subsecretario do Ministerio de Administracións Públicas do primeiro goberno Aznar e dirixiu tamén a Escola Galega de Administración Pública na era Fraga.

A Xunta de Galiza deulle 9,6 millóns de euros en contratos desde 2009 ata a actualidade. Os contratos foron adxudicados, especialmente, pola Consellería de Traballo e o Consorcio Galego de Benestar Social.

FESAN dedícase a actividades como poidan ser cursos de formación, escolas infantís, centros de día, traslado exposicións, campañas publicitarias...

O Consorcio Galego de Benestar adxudicou en 2011 un dos maiores contratos de servizos consistente na xestión de media duceca de centros de día e por un importe de 2,7 millóns de euros. O ano anterior FESAN declarara perdas por 666.915 millóns de euros.

En 2012, o Consello de Contas alertou de entre sete e oito incidencias nos dous únicos cursos que analizou. Nos dous cursoxs alertou de que a fundación subcontractaba cunha sociedade mercantil coa que está vencellada e que ten un nome similar (GESAN). Contas, durante a inspección de cursos de inspección sociosanitaria en Lugo, detectou tamén a subcontractación de FESAN a GESAN.

A persoa que puxo en marcha a empresa GESAN como administrador único foi Manuel Rodríguez Sedano, o primeiro secretario do patronato da fundación FESAN e que, segundo as contas de 2013 seguiu vencellado á fundación como director xerente. É dicir, GESAN e FESAN están vencelladas por uns dos seus directivos. Ademais, unha presidenta de FESAN, Purificación Alborés, foi apoderada en GESAN durante un ano.

A sociedade mercantil GESAN é propietaria da marca comercial Servisenior coa que operación a fundación FESAN na súa actividade como xestora de residencias de maiores.

A empresa GESAN ten un obxecto social coincidente co de FESAN, a fundación. Dedícase a organizar cursos e seminarios, fomentar o emprego, formar traballadores, crear centros docentes, asistencia integral en garderías, residencias, casas de acollida e centros de día. Ademais, GESAN tamén realiza actividades de asesoramento, transporte, compra-venda, aluguer e arredamento de material didáctico, mobiliario de oficina, equipos informático e material xeriátrico.

A fundación FESAN, con sede en Santiago, non posúe terreos nin construcións aínda que xestiona tres residencias, catorce escolas infantís e dúas ludotecas en toda Galiza, conta con centros de formación profesional e dúas provincias e organiza todo tipo de cursos en numerosos concellos galegos.

En 2013, houbo un baixón de adxudicacións e a empresa volveu aos números vermellos con perdas de 25.284 euros. Pero tiña en conta corrente 1,4 millóns de euros, cunha taxa de liquidez inmediata do 48%. E ten un fondo de reserva en 2013 de 2,3 millóns de euros.

En 2014, una pregunta da oposición no Parlamento Galego, FESAN practicamente deixou de recibir adxudicacións.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

Que opina a Xunta de Galiza de que unha Fundación con ese volume de concesións de contratos por varias Consellerías realice a práctica da subcontratación a unha empresa practicamente similar á Fundación en obxectivos, funcións e co que mesmo comparte directivos?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 10/03/2016 17:35:46

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 10/03/2016 17:35:55

Ramón Vázquez Díaz na data 10/03/2016 17:35:58

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 10/03/2016 17:36:02

Eva Solla Fernández na data 10/03/2016 17:36:05

Jose Javier Ron Fernandez na data 10/03/2016 17:36:08

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso, Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Xosé M. Beiras Torrado deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

O pasado mércores día 9 de marzo a Policía Xudicial entrevistou, no marco dunha investigación por tráfico de influencias dirixida polo xulgado de instrución número 1 da Coruña, no Concello da cidade herculina onde requisou diversa documentación do mandato de Carlos Negreira. Entre esa documentación atópase un contrato asinado coa empresa Eulen en 2012, por importe de 2,3 millóns de euros para proporcionar servizos bibliotecarios a toda a rede de bibliotecas da cidade por un prazo de catro anos.

Micaela Núñez Feijóo é apoderada xeral de catro empresas do grupo Eulen: Eulen SA, Eulen Seguridad SA, Eulen Servizos Sanitarios SA e a ETT Flexiplan SA. O apoderamento xeral facúltaa para realizar todo tipo de xestións, contratos incluídos, en nome das catro compañías.

Diversas forzas políticas e sindicatos levan tempo denunciando a frecuencia coa que a Xunta de Galicia adxudica contratos coa empresa Eulen. Esta empresa é responsable da Feira Semana Verde de Silleda, da limpeza do recinto e das dependencias para os traballadores dese evento; xestiona a limpeza, conserxería e mantemento das instalacións deportivas do Concello de Fene, xestiona un almacén da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Santiago e a seguridade dun centro de Formación Ocupacional de Vigo. Tamén obtivo a xestión dunha residencia de maiores en Vigo e o mantemento das zonas verdes do complexo medioambiental de Cerceda, contrato este dun importe de case medio millón de euros.

Por todo o exposto Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

Que opina a Xunta de Galiza do requisamento por parte da Policía xudicial do citado contrato coa empresa cuxa apoderada xeral é a irmá do Presidente do Goberno?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 10/03/2016 17:43:45

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 10/03/2016 17:43:52

Ramón Vázquez Díaz na data 10/03/2016 17:43:54

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 10/03/2016 17:43:57

Eva Solla Fernández na data 10/03/2016 17:44:00

Jose Javier Ron Fernandez na data 10/03/2016 17:44:02



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Cosme Pombo Rodríguez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás previsións da Consellería de Educación para resolver os problemas de adscrición do alumnado procedente da Escola Infantil Raiola que se debe incorporar ao ensino obrigatorio o vindeiro curso 2016/17 no CEIP Lamas de Abade.

Os cambios demográficos, os recortes en educación e a falla de planificación da Consellería de Educación, están a provocar problemas para adecuar a oferta de prazas educativas á demanda existente nalgúns lugares do noso país, tamén na cidade de Compostela. Na zona sur da cidade á hora de acceder ao ensino obrigatorio para o vindeiro curso 2016/17 hai problemas á hora de ofertar prazas públicas suficientes para a demanda real existente. Por esa razón, unha representación de nais e pais do Centro Infantil Raiola, afectados pola falta de prazas no CEIP Lamas de Abade, entrevistáronse co Grupo Parlamentar do BNG para expoñer o problema polo que están a pasar.

A representación da ANPA Raiola puxo de manifesto que:

A Escola infantil Raiola está situada ao carón do CEIP Lamas de Abade e ten subscrita a adscrición a este centro de primaria. Isto veu permitindo que os nenos e nenas, ao remataren a súa etapa infantil, puidesen continuar os seus estudos primarios na mesma contorna ambiental e social. Estes dous centros realizan,



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

ademais, ao longo do ano, actividades en común, favorecendo a vinculación entre ambos.

Este ano 19 nenos de Raiola solicitaron praza no CEIP Lamas de Abade para cursar nel a educación primaria, mesmo varias destas familias contan con outros irmáns escolarizados xa neste centro.

A Dirección do CEIP Lamas de Abade informou á directiva de Raiola da dispoñibilidade de “unicamente 4 prazas libres” para o 1º curso de primaria do curso 2016/17, ás que poderían optar os 19 alumnos de 6º de Infantil de Raiola e outros 4 das escolas infantís de Marrozos e do Eixo.

Diante desta situación, resulta evidente a falla de prazas públicas para poder escolarizar ao alumnado desta zona da cidade de Compostela; zona que nos últimos anos aumentou exponencialmente a súa poboación pola construción de novas vivendas.

Resulta evidente tamén a necesidade de planificar, con urxencia, a acollida de todo o alumnado con prazas públicas nesta zona. Necesidade para o vindeiro curso escolar 2016/17 mais tamén para os seguintes cursos; segundo os datos de nacementos da área de influencia (2010-158 nacementos, 2011-161 nacementos, 2012-158 nacementos etc...).

A ANPA de Raiola reclama unha solución para a escolarización dos seus fillos e fillas e entende que debera facerse no CEIP Lamas de Abade (porque moitos teñen irmáns neste centro), para evitar a dispersión dos mesmos noutros centros doutras zonas da Cidade.

Diante do serio problema (de cara ao vindeiro curso) para a escolarización do



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alumnado de 1º de Primaria nesta zona da cidade de Compostela, o Grupo Parlamentar do BNG comparte a opinión da ANPA que reclama solucións, dotando á zona de prazas públicas suficientes mediante as seguintes solucións:

Unha solución urxente (efectiva para o vindeiro curso), que pasaría por dotar ao CEIP Lamas de Abade dunha aula máis, de 1º de Primaria, para o vindeiro curso 2016/17.

Outra solución para os cursos seguintes, que pasaría por unha ampliación do CEIP Lamas de Abade (6-9 prazas máis) ou Construción dun novo centro, na zona.

Mesmo contemplan a posibilidade, sempre que a unidade técnica o vexa posíbel, de poder habilitar unha vivenda que existe no CEIP Lamas de Abade, máis que se encontra ocupada por persoas alleas ao centro, como novos espazos escolares para poder ampliar o centro.

A ANPA de Raiola, diante do problema da falla de prazas escolares públicas para poder acoller aos seus fillos e fillas, está moi preocupada porque non dispón da certeza da solución deste grave problema; si ben é certo que a Xefatura Territorial de Educación, de palabra, manifestoulles a disposición a:

1º.- Aumentar unha aula de 1º de Primaria no CEIP Lamas de Abade para o curso 2016-17 e máis construír un pavillón de 50 m2.

2º.- Estudar a solución definitiva a medio prazo.

O Grupo Parlamentar do BNG, coincide coa opinión da ANPA e considera imprescindible e urxente que o Goberno galego debe adoptar solucións que garantan a escolarización das nenas e nenos na súa contorna vital e que posibiliten a conciliación familiar. O Grupo Parlamentar do BNG considera fundamental o



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

garantir unha educación pública e de calidade na zona sur de Compostela.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.- É consciente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do malestar de moitas familias, que aínda non saben si poderán escolarizar ás súas fillas e fillos de 1º de primaria, no CEIP Lamas de Abade, por falla de prazas escolares, para poder escolarizalos no vindeiro curso?

2.- Considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria normal que o alumnado da escola Infantil Raiola non poida ser escolarizado no CEIP Lamas de Abade ao que está adscrito?

3.- Vai ampliar a Consellería unha aula de 1º de Primaria no CEIP Lamas de Abade para o curso 2016/17, para solucionar o problema de falla de prazas nesta zona de Compostela?

4º.- Que solución contempla a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para acometer as obras de aumentar unha aula para o vindeiro curso e solucionar o problema de prazas de cara ao vindeiro curso? Con qué orzamento? Con qué cronograma?.

5º.- Contempla a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria acometer as obras de ampliación do CEIP Lamas de Abade, para darlle solución aos problemas de prazas nos seguintes cursos escolares, ou contempla a construción dun novo centro?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6º.- Cal será o cronograma de obras e o orzamento das mesmas?

7º.- Que medidas ten pensado tomar a Consellería para solucionar o problema de prazas escolares de primaria na zona sur da cidade de Compostela?

8.- Que pensa facer a Consellería para ofertar un ensino público de calidade na cidade de Compostela?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Cosme Pombo Rodríguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 10/03/2016 17:58:29

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 10/03/2016 17:58:34

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Ricardo Vicente Docasar Docasar, Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O CEIP de Coirón-Dena (Pontevedra) ten máis ou menos 280 alumnos e alumnas. É unha construción do ano 1969 mais, dende entón, ningunha obra relevante, a non ser algunhas na planta baixa e o cambio de cuberta haberá uns 25 anos. E iso que dende 2008 as deficiencias no centro non deixan de medrar.

Así o ten manifestado a ANPA “Sementeira”, en varias ocasións, tanto ao xefe territorial de Educación en Pontevedra (por exemplo, mediante escrito de data 22 de marzo de 2013) como á propia consellería. A calada foi a resposta.

As deficiencias no centro son múltiples:

1. O corredor e as aulas da planta baixa están afundidos, provocando xuntas cun resalto de ata 16 mm.
2. Hai fisuras no forxado teito da primeira planta.
3. Hai fisuras nas escaleiras que dan acceso á primeira planta, vense as armaduras de aceiro e vibran cando se transita por elas.
4. As fiestras corredeiras dos corredores dos 2 módulos deixan entrar aire aínda estando pechadas.
5. A carpintería interior do módulo 1 está chea de caruncho.
6. As vivendas destinadas aos mestres e mestras (quedan 9, aínda que só 3 están ocupadas) están en situación ruínosa.
7. A calefacción non funciona axeitadamente e, como consecuencia, os nenos e nenas pasan frío.

Grupo Parlamentario

8. E, por último, o tellado (que xa presentaba multitude de problemas dende a súa colocación e que está en moi mal estado) voou na súa maior parte o día 6 de febreiro e as obras de arranxo seguen a ser moi lentas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A maiores, o areeiro no que xogan as nenas e os nenos pequenos está cheo de pulgas e nas instalacións do colexio non hai comedor, polo que os cativos e cativas comen nun barracón de obra que se adaptou así, de maneira provisional, no ano 2009.

A maioría destas deficiencias constan nun informe que a ANPA do centro presentou á Consellería de Educación no ano 2013.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia de que no CEIP de Coirón - Dena (Pontevedra) non se ten feito ningunha obra relevante dende a súa construción e de que, dende 2008, as deficiencias no centro non deixan de medrar?
2. Ten coñecemento o Goberno desas deficiencias do centro?
3. Por que a Consellería de Educación non respondeu ás múltiples queixas e reclamacións da ANPA “Sementeira” sobre estas deficiencias?
4. Cando se vai rematar a reparación do tellado (que xa presentaba multitude de problemas dende a súa colocación e que está en moi mal estado) como consecuencia do tornado do día 6 de febreiro?
5. Vai tomar o Goberno algunha medida con relación ás pulgas do areeiro que hai no centro?
6. Cando ten previsto construír o Goberno un comedor, posto que os nenos e nenas comen nun barracón de obra que se adaptou así, de maneira provisional, no ano 2009?

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2016



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/03/2016 18:10:19

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 10/03/2016 18:10:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Concepción Burgo López na data 10/03/2016 18:10:33

Emilio Vázquez Blanco na data 10/03/2016 18:10:36

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.


Mónica Fernández Rodríguez e **Consuelo Martínez García** e, deputadas do **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión de Control da RTVG**.

O programa **Expedición Galicia** estreouse na TVG no mes de febreiro. Este espazo divulgativo presenta un grupo de persoas que percorren Galiza e, entre outras actividades, realizan distintas prácticas de supervivencia polos montes das catro provincias galegas.

O primeiro programa, que tivo lugar o 23 de febreiro, comezou con polémica. Entre as accións controvertíbeis atopamos actividades que son prácticas de supervivencia onde se producen claramente agresións ambientais sancionábeis atendendo á lexislación vixente. Realizan prácticas como comer crúa unha ra dos regos (Rana ibérica) incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, ou esfarelan un formigueiro para coller material seco co que facer un lume, prender lume nun lugar non habilitado para a súa realización con seguridade, vadean un río cun 4x4 ou a acampada fóra de áreas habilitadas para tal feito.

Non parece necesario fomentar este tipo de actos entre a cidadanía galega. Sería importante a promoción noutros formatos para mellorar a función educativa e divulgativa para fomentar o respecto ao medio ambiente.

Alguns grupos e colectivos como ADEGA, GEAS e o Grupo Naturalista Hábitat solicitaron a CRTVG a retirada do mesmo e instan a Dirección Xeral de Conservación da Natureza a tomar cartas no asunto.



Polo exposto, as deputadas que subscriben, formulan as seguintes **Preguntas** para a súa resposta oral en **Comisión**:

- Ten previsto a RTVG retirar o programa Expedición Galicia?
- Vai controlar o cumprimento da lexislación ambiental nas actividades desenvolvidas neste programa?
- Ten intención de denunciar as agresións ambientais deste programa?
- Que tipo de asesoramento reciben para a realización do programa?
- Ten planificado ofrecer outro tipo de contidos medio ambientais como labor pedagóxica para a poboación galega?

Pazo do Parlamento, a 04 de marzo de 2016


*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

*Asdo.: Consuelo Martínez García
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 04/03/2016 09:27:57

María Consuelo Martínez García na data 04/03/2016 09:28:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG**.

Estes días un medio de comunicación dixital ven de facer públicas conversas tamén dixitais, entre membros da familia real, concretamente facíase eco da seguinte mensaxe da raíña:

“Nos conocemos, nos queremos, nos respetamos. Lo demás, merde”,

mensaxe dirixida a López Madrid cando estalla o escándalo das tarxeta Black; parece que esta sinal de apoio ou, cando menos, de menosprezo á utilización privada e ilegal de diñeiro público por parte da familia real debера ser obxecto de noticia na canle pública, que como outras decidiu non dicir nin chio. Non é comprensible que a canle pública considera noticiable que os reis inclúan aos seus fillos nunha felicitación de nadal, e non considere noticiable o apoio a un presunto corrupto.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en **Comisión** :

Cal é o motivo polo que a CRTVG non informa das mensaxes da raíña cun implicado no escándalo das tarxetas Black?

Cal é o criterio utilizado para informar da casa real por parte da CRTVG ?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2016.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 10/03/2016 16:57:41



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**, relativa á atención informativa da actividade do Parlamento de Galiza.

O Parlamento Galego ten que ser o centro da vida política en Galiza e en consecuencia a RTVG debería reservar un espazo privilexiado na grella para dar conta do que acontece na institución onde reside a soberanía do pobo galego. Máis o que acontece sistematicamente é xusto o contrario, que se lle dá un tratamento residual e totalmente subsidiario da acción do goberno da Xunta.

Parece evidente que o cumprimento dos principios da CRTVG como medios públicos, terían que dar como consecuencia a emisión sistemático do que acontece no Parlamento de Galiza, con obxectividade e imparcialidade, respectando o pluralismo político e con clara separación entre información e opinión.

Nada máis lonxe da realidade, unha mínima análise da información transmitida pola RTVG, mostran o papel residual que se lle dá á actividade parlamentaria, por estas razóns formulamos a seguinte pregunta para a súa contestación oral na comisión:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coida que as sesións plenarias do Parlamento Galego teñen a atención informativa na RTVG acorde co papel central que debe cumprir esta institución?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 10/03/2016 18:02:45



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**, relativa á relación de produtoras coas que contrata a TVG e as cuantías económicas recibidas polas mesmas.

Co fin de coñecer detalladamente o número de produtoras coas que contrata a TVG e as cantidades económicas percibidas por cada unha delas, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Control:

-Cal é a relación de programas contratados a produtoras externas e emitidos pola TVG desde xaneiro de 2013 e xaneiro de 2016?

-Cal é o custe tanto por programa como por produtora e polo total de cada período contratado?

-Ningún dos programas contratados podía ter sido realizado polos medios propios da TVG?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 10/03/2016 18:10:25



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**, relativa á falta de obxectividade e pluralismo nos informativos da TVG.

O artigo 17 da lei de creación da CRTVG establece:

1.-A ordenación dos espazos de radiodifusión e televisión de Galicia farase de xeito que a eles poidan acceder os grupos políticos e sociais máis significativos. Para tal fin, o Consello de Administración, de acordo co Director Xeral, terá en conta criterios obxectivos, como representación parlamentaria, implantación política, sindical, social, cultural e ámbito territorial de actuación.

Así mesmo os apartados d) e h) do artigo 4 da lei 9/2011 dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galiza tamén din:

Artigo 4. Principios inspiradores e alcance:

d) O reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.

h) A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural.

Malia o establecido no marco normativo, os medios públicos galegos, practican un exercicio de ocultación informativa, de vulneración dos principios que lle son propios como os recollidos nos artigos mencionados, por esta razón formulamos a seguinte pregunta para a súa contestación oral na Comisión de Control da CRTVG:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a dirección da CRTVG que os informativos do ente están respectando o pluralismo político e a representatividade das organizacións políticas con implantación no ámbito territorial de actuación?

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 10/03/2016 18:15:59

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPONSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727